

ACTA NÚM. 2 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA TRINTA DE XANEIRO DE 2014.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezasete horas e trinta minutos** do día **trinta de xaneiro de 2014**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Ángel Benito Currás Fernández, Alcalde-Presidente.

CONCELLEIROS/AS:

Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.
Dona Cecilia Sierra Rey.
Dona María de los Ojos Grandes Pardo Valdés.
Dona María Amelia González Brandariz.
Don Juan José de la Fuente Fuentes.
Dona María Castelao Torres.
Don Francisco Javier Noya Iglesias.
Don Adrián Varela Sarandeses.
Dona Rebeca Domínguez Iglesias.
Don Luís Mejjide Rodríguez.
Don José María Rosende Rico.
Dona Mar Martín García.
Don Benardino Higinio Rama Seoane.
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.
Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muiños Sánchez.
Don José A. Baqueiro Canabal.
Dona M^a de los Ángeles Gómez Bugallo.
Dona Rosario Valledor Puente.
Don Rubén Cela Díaz.
Dona Elvira Cienfuegos López.
Don Rafael Xesús Vilar González.

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor Xeral do Concello.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste o concelleiro, Don José Luís García Bello.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 23 de decembro de 2013 (núm. 17/13).**
- 2. Aprobación definitiva, se procede, da ordenanza de axuda no fogar, coa introdución das modificacións recomendadas pola Xunta de Galicia.**
- 3. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa ao subministro e instalación de equipamento para unha área de xogos infantís na Praza de Galicia.**
- 4. Dar conta de proposta do concelleiro delegado da área de participación cidadá de nomeamento de representantes veciñais no Consello de Relacións Veciñais.**
- 5. Dar conta da aprobación definitiva de ordenanzas fiscais para o ano 2014.**
- 6. Dar conta de resolucións da Alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.**
- 7. Rogos e preguntas.**
- 8. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.**

Cumpriméntase así:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2013 (NÚM. 17/13).

Por unanimidade dos presentes apróbase a acta núm. 17/2013, correspondente a sesión ordinaria do 23 de decembro de 2013.

2. APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA ORDENANZA DE AXUDA NO FOGAR, COA INTRODUCIÓN DAS MODIFICACIÓNS RECOMENDADAS POLA XUNTA DE GALICIA.

O pleno da corporación na sesión que tivo lugar o 28 de novembro de 2013, aprobou inicialmente a modificación da ordenanza reguladora do servizo municipal de axuda no fogar.

No período de exposición pública, o Servizo de inspección da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar Social, da Xunta de Galicia presentou escrito no Rexistro Xeral do Concello, con data 20 de decembro de 2013, no que comunica a procedencia de determinadas modificacións.

O informe que emitiu a traballadora de servizos sociais do concello, que leva conforme da xefa do servizo e da xefa de sección, ten o seguinte teor literal:

“Inmaculada Peleteiro Rodríguez, traballadora social dos Servizos Socio comunitarios de Santiago de Compostela, INFORMA que:

A publicación do Decreto 149/2013, do 5 de setembro da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, *que* define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo” (DOG nº 182 do 24 de setembro de 2013), **dispón para as corporacións locais un prazo de seis meses para a adaptación das súas ordenanzas ao disposto na mencionado norma.**

Este concello, a proposta da Concelleira Delegada da área de Servizos Sociais, inicia o expediente de aprobación inicial do borrador das modificacións da vixente **Ordenanza Reguladora do Servizo Municipal de Axuda no Fogar**, aprobada polo Pleno da Corporación do 30/05/13 e publicada no BOP da Coruña nº 141 de 26/07/13, acordadas na Xunta de Goberno Local celebrada o día 21/XI/2013, punto nº 127; na Comisión Social celebrada o día 25/11/2013 e no Pleno da Corporación celebrada o 28/11/2013, punto nº 6 .

No período de exposición pública, o Servizo de Inspección da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, presenta no Rexistro Xeral do Concello, con data do 20 de decembro de 2013 e nº de rexistro 61.852, escrito con diversas modificacións ao texto; polo que estudadas ditas achegas, e estimadas aquelas que supoñen unha mellor redacción, concreción, adaptación á norma e eliminación de erros e duplicidades, **presentase a nova redacción da ordenanza:**

ARTIGO 4º APARTADO 5.- CONTIDO DO SERVIZO *Texto aprobado (subliñase o contido a modificar):*

Asinarase un acordo de servizo entre a persoa usuaria e a entidade titular, en que se recollerá o contido particular das atencións a prestar, a programación temporal da prestación a intensidade horaria e os compromisos de ambas as dúas partes, incluíndo o compromiso de copagamento que corresponda

ESTIMASE O CAMBIO PARCIAL DO CONTIDO, QUEDANDO O TEXTO DO XEITO SEGUINTE:

Asinarase un acordo de servizo entre a persoa usuaria e a entidade titular, en que se recollerá o contido das atencións de carácter básico a prestar segundo aparecen no artigo 4.1 da ordenanza, a distribución semanal, a intensidade horaria e os compromisos de ambas as dúas partes, incluíndo o compromiso de copagamento que corresponda.

ARTIGO 9º REQUISITOS ESPECÍFICOS PUNTOS 2 e 3. Texto aprobado (subliñase o contido a modificar):

2.- O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de Técnico en atención a persoas en situación de dependencia ou equivalente, regulado no Real Decreto 1593/2011, do 4 de novembro, formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade, ou o recoñecido pola lexislación vixente.

3.- O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias será realizado polo persoal técnico, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimensual. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

ESTIMASE O CAMBIO PARCIAL DO CONTIDO, QUEDANDO O TEXTO DO XEITO SEGUINTE:

2.- O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia ou equivalente, regulado no R.D. 1593/2011, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade, ou o recoñecido pola lexislación vixente.

3.- O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias será realizado polo persoal técnico, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no expediente individual, a través dos correspondentes informes de seguimento. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

ARTIGO 12º.1 APARTADO 8. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN Para o acceso por libre concorrencia (*subliñase o contido a modificar*):

8. *Xustificante de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e/ou outros bens que posúan, a persoa solicitante, cónxuxe ou parella de feito, ascendentes, e fillos maiores de 25 anos con discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores (os membros da unidade de convivencia) por medio dalgunha da seguinte documentación:*

ESTIMASE O CAMBIO PARCIAL DO CONTIDO, QUEDANDO O TEXTO DO XEITO SEGUINTE:

8. Xustificante de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e/ou outros bens que posúan, os membros da unidade de convivencia, por medio dalgunha da seguinte documentación:

NESTE ARTIGO 12º ELIMINASE O Apartado 13 POR REPETICIÓN

ARTIGO 13º EMENDA DA SOLICITUDE APARTADO e) (*subliñase o contido a modificar*):

e) Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo que accederon polo sistema de libre concorrencia, co fin de comprobar que se cumpren as condicións para a súa continuidade. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no artigo 12.1 apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual. No caso dos usuarios do sistema de dependencia deberán acreditar a actualización dos datos económicos se fose o caso.

ESTÍMASE O CAMBIO PARCIAL DO CONTIDO, QUEDANDO O TEXTO DO XEITO SEGUINTE:

e) Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo que accederon polo sistema de libre concorrencia, co fin de comprobar que se cumpre as condicións para a súa continuidade. Para a renovación anual do servizo, as persoas

beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no artigo 12.1, agás aquela que xa conste no seu expediente individual. No caso dos usuarios do sistema de dependencia deberán acreditar a actualización dos datos económicos se fose o caso.

ARTIGO 14º CAUSAS DE DENEGACIÓN NO PROCEDIMENTO DE ACCESO POR LIBRE CONCORRENCIA. Puntos 4 e 8. (subliñase o contido a modificar):

4. Persistir as circunstancias que motivaron a extinción do servizo a través dun expediente sancionador

8. Residir nunha pensión, hostel, hotel, en cuartos realugadas, vivendas colectivas ou similares

ESTÍMASE O CAMBIO PARCIAL DO CONTIDO, QUEDANDO O TEXTO DO XEITO SEGUINTE:

4.- Persistir as circunstancias que motivaron a extinción do servizo.

8.- Residir nunha pensión, hostel, hotel, en cuartos realugados.

ARTIGO 15º 1 b) y c).- CAUSAS DE EXTINCIÓN E MODIFICACIÓN DO SERVIZO. (subliñase o contido a modificar):

b. A renuncia ou desestimento da persoa usuaria, producindo efectos dende o derradeiro día do mes no que se notifique.

c. Atoparse en situación de suspensión do servizo por un período superior a tres meses

ESTIMASE O CAMBIO PARCIAL DO CONTIDO DO APARTADO B. E C. QUEDANDO DO XEITO SEGUINTE:

b. A renuncia ou desistimento da persoa usuaria.

c. Atoparse en situación de suspensión do servizo por un período superior a tres meses, para as persoas usuarias a través do sistema de libre concorrencia

ELIMINASE o Apartado “i” DESTE ARTIGO, POR REPETICIÓN

ARTIGO 16º.- CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SERVIZO. (subliñase o contido a modificar):

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

ESTIMASE A MODIFICACIÓN PROPOSTA aínda que se advirte no escrito de modificacións un erro textual de inversión de conceptos, isto é onde din:....*o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas usuarias de dependencia, debe dicir para as persoas que acceden ao servizo por libre concorrancia; e onde di por un máximo de dous meses para as persoas que acceden por libre concorrancia, debe dicir para as persoas usuarias de dependencia.* Polo que á vista do artigo 27.6 da Orde de 19 de abril de 2013 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, e o artigo 9.1 da Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o servizo de Axuda no Fogar, **QUEDA REDACTADO DO XEITO SEGUINTE:**

1.- Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de dous meses para as persoas usuarias do sistema de dependencia, e por un máximo de tres meses para as persoas que acceden ao servizo por libre concorrancia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

ARTIGO 19º.- REGLAS PARA A DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DO SISTEMA DE ATENCIÓN A PERSOAS USUARIAS DA DEPENDENCIA.

1. *A capacidade económica persoal da persoa usuaria será a correspondente á súa renda, modificada á alza pola suma dun 5 por 100 do seu patrimonio neto a partir dos 65 anos de idade, un 3 por 100 dos 35 aos 65 anos e dun 1 por 100 aos menores de 35 anos.*

2. *O período que se computará na determinación da renda e do patrimonio será o correspondente ao último exercicio fiscal cuxo período de presentación da correspondente declaración vencese na data de presentación da solicitude.*

3. *Non obstante o disposto no punto anterior, cando a capacidade económica da persoa usuaria só proveña da percepción de pensións, prestacións ou subsidios públicos o período que se computará na súa determinación será o correspondente ao exercicio en que se presente a solicitude.*

4. *A capacidade económica da persoa usuaria determinarase en cómputo anual, sen prexuízo de que para o cálculo da súa participación no custo dos servizos se compute en termos mensuais calculada como a doceava parte da súa capacidade económica anual.*

ESTÍMASE O CAMBIO DE CONTIDO E REDACCIÓN, QUEDANDO O TEXTO DO XEITO SEGUINTE

1.- A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

2.- O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes

ESTIMASE A SUPRESIÓN DOS ARTIGOS 20, NORMAS DE VALORACIÓN DA RENDA, O ARTIGO 21 PERSOAS A CARGO DA PERSOA USUARIA E ARTIGO 22 NORMAS DE VALORACIÓN DO PATRIMONIO NETO. PASANDO A DENOMINARSE:

Artigo 20º.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento.

Artigo 21º Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar.

Artigo 22º. Servizos cuxo financiamento se determina mediante cálculo directo sobre a capacidade económica da persoa usuaria.

ARTIGO 21º.- (antigo 24º) PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DAS PERSOAS DEPENDENTES CON DEREITO DE ATENCIÓN RECOÑECIDO COMO USUARIAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

*Para facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, aplicará unha táboa de **copagamento** de servizo de Axuda no fogar, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria referenciada ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), e en función da intensidade do servizo asignado (sic), ou naquela outra normativa aplicable e aprobada con posterioridade. en base á Disposición derradeira primeira, punto 3.1; 3.2 do Decreto 149/2013 do 5 de setembro*

ESTÍMASE O CAMBIO PARCIAL DO CONTIDO, QUEDANDO O TEXTO DO XEITO SEGUINTE:

Para facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, aplicará unha táboa de **copagamento** de servizo de Axuda no fogar, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria referenciada ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), e en función da intensidade do servizo asignado.

DESESTIMASE A MODIFICACIÓN PROPOSTA de inclusión da táboa que contén os prezos dos servizos complementarios, dado que no apartado tres punto catro da disposición derradeira primeira do decreto 149/2013, expresa dicha inclusión para aqueles concellos que asuman ditas prestacións de servizos, e o Concello de Santiago de Compostela os ditos servizos non se atopan regulados.

ARTIGO 22º (antigo 25º) SERVIZOS CUXO FINANCIAMENTO SE DETERMINA MEDIANTE CÁLCULO DIRECTO SOBRE A CAPACIDADE ECONÓMICA DA PERSOA USUARIA. *(subliña se o contido a modificar):*

1. O sistema de cálculo directo sobre a capacidade económica da persoa usuaria será de aplicación ao servizo de axuda no fogar.

2. Consistirá na porcentaxe da súa capacidade económica que se estableza, nos tramos indicados nas táboas do anexo II deste decreto.

3. As ausencias mensuais, por causas imputables á persoa usuaria, nos servizos con dereito a reserva de praza mensual que sexan superiores aos dez días agás o mes de vacacións e os supostos previstos nos artigos 27 e 28 da Orde do 2 de xaneiro de 2012, deivindicarán un 40 % do importe correspondente á participación no seu financiamento en concepto de reserva da praza.

4. Nos servizos de axuda no fogar que, mediante renuncia da persoa usuaria, sexan prestados por número de horas ao mes inferior as intensidades establecidas nas táboas que para estes servizos se detallan no anexo II, a participación no seu financiamento será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

ESTÍMASE A SUPRESIÓN DOS APARTADOS 2 E 4 POR ESTAR RECOLLIDOS ANTERIORMENTE NA NORMATIVA; E O APARTADO 3 polos problemas de interpretación que suscita este paragrafo e tendo en conta que unha mala aplicación do mesmo podería ocasionar graves prexuízos para as persoas

usuarias, recoméndase a supresión deste apartado e estar á valoración de cada caso concreto. **QUEDANDO O TEXTO DO XEITO SEGUINTE:**

O sistema de cálculo directo sobre a capacidade económica da persoa usuaria será de aplicación ao servizo de axuda no fogar.

ARTIGO 23º.- (antigo 26º) PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS USUARIAS NO FINANCIAMENTO DOUTROS SERVIZOS QUE IMPLIQUE N COPAGAMENTO. (subliñase o contido a modificar):

1. Para o servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrancia, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo con base no cálculo da capacidade económica *per cápita*, de acordo co establecido no artigo 16 desta ordenanza

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custo do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	Entre o 10% e o 30%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	Entre o 20% e o 50%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	Entre o 40% e o 70%
Maior de 2,50 IPREM	Entre o 60% e o 90%

ADVERTIDO ERRO TEXTUAL, ESTÍMASE O CAMBIO PARCIAL DO CONTIDO QUEDANDO O TEXTO DO XEITO SEGUINTE:

1. Para o servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrancia, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo con base no cálculo da capacidade económica *per cápita*, de acordo co establecido no artigo 20 desta ordenanza.

Así mesmo inxírese neste articulado a táboa seguinte de porcentaxe concreta de copago dentro dos intervalos que marca o decreto 99/2012.

Capacidade Económica	Porcentaxe de participación no custe de Axuda no Fogar Básico
Inferiores ou iguais ao 80%	0%
Máis do 80% e iguais ou inferiores ao 100%	10%
Máis do 100% e iguais ou inferiores ao 125%	15%
Máis do 125% e iguais ou inferiores ao 150%	20%
Máis do 150% e iguais ou inferiores ao 175%	30%
Máis do 175% e iguais ou inferiores a 200%	40%
Máis do 200% e iguais ou inferiores ao 225%	60%
Máis do 225% e iguais ou inferiores ao 250%	70%
Máis do 250%	90%

ARTIGO 27°. -(antigo 30°) NACEMENTO DA OBRIGA DO PAGAMENTO.
Punto 2. *(subliñase o contido a modificar):*

2. Por parte do Concello, e sobre a base do parte de traballo asinado conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual co importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria para que se efectúe o pagamento

ESTÍMASE O CAMBIO PARCIAL DO CONTIDO QUEDANDO O TEXTO DO XEITO SEGUINTE:

2.- Por parte do Concello, e sobre a base do parte de traballo asinado conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual co número de horas e o importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria para que se efectúe o pagamento.

ARTIGO 28°. - (antigo 31°) INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS. *(subliñase o contido a modificar):*

Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título III da Lei 39/2006, do 14 de decembro, e nos títulos IX e X da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Para o exercicio da potestade sancionadora en materia dos prezos públicos será de aplicación o réxime establecido polo artigo 6.bis da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

ADVERTIDO O ERRO TEXTUAL, ESTÍMASE O CAMBIO PARCIAL DO CONTIDO QUEDANDO O TEXTO DO XEITO SEGUINTE:

Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título III da Lei 39/2006, do 14 de decembro, e nos títulos IX e X da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Para o exercicio da potestade sancionadora en materia dos prezos públicos será de aplicación o réxime establecido pola Lei de Facendas Locais.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. *(subliñase o contido a modificar):*

Para os efectos do establecido no artigo 23 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, segundo a redacción dada pola Lei 17/2012, de orzamentos xerais do Estado para 2013, excepcionalmente e de forma xustificada, as atencións de carácter doméstico e as de carácter persoal que integran calquera das modalidades do servizo de axuda no fogar reguladas neste decreto, poderán prestarse separadamente, cando así se dispoña no Programa individual de atención. A administración competente deberá motivar esta excepción na resolución de concesión da prestación e, en todo caso, o contido particular das atencións que se lle prestarán á persoa beneficiaria deberán quedar reflectidas no acordo de servizo coa entidade prestadora, tal como establece o artigo 14.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

ESTÍMASE A SUPRESIÓN DO CONTIDO desta disposición dado que soamente afecta aos equipos de dependencia. Polo que ESTA DISPOSICIÓN TERÍA O SEGUINTE TEXTO:

A axuda no fogar do Concello de Santiago de Compostela é de titularidade municipal, e será coordinado polos servizos sociais municipais.

Co fin de facilitar a comprensión desta ordenanza, explícanse os seguintes conceptos:

Autonomía: Capacidade de controlar, afrontar e tomar, por propia iniciativa, decisións persoais acerca de como vivir de acordo coas normas e preferencias propias así como desenvolver as actividades básicas da vida diaria.

Dependencia: Estado de carácter permanente no que se atopan as persoas que, por razóns derivadas da idade, enfermidade ou discapacidade, e ligadas á falta ou á perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisan da atención ou doutra ou outras persoas ou axudas importantes para realizar actividades básicas da vida diaria ou, no caso das persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental, de apoios para a súa autonomía persoal.

Necesidades de apoio para a autonomía persoal: As que requiren as persoas que teñen discapacidade intelectual ou mental para facer efectivo nun grao satisfactorio de autonomía persoal no seo da comunidade.

Actividades básicas da vida diaria (ABVD): As tarefas máis elementais da persoa, na súa vida cotiá, que lle permiten desenvolverse cun mínimo de autonomía e independencia, tales como: o coidado persoal, baño, vestido, transferencias, actividades domésticas básicas, a mobilidade esencial, recoñecer persoas e obxectos, orientarse, entender e executar ordes sinxelas.

Actividades instrumentais da vida diaria: Conxunto de accións que realiza unha persoa permitindo o autosostemento no seu contorno habitual: cociñar, pasar o ferro, manexo de diñeiro etc.

Coidados non profesionais: A atención prestada a persoas en situación de dependencia no seu fogar por persoas da familia ou do seu contorno, non vinculadas a un servizo de atención profesionalizada.

Axudas técnicas: Equipos, dispositivos, aparellos ou adaptacións tecnolóxicas que se utilizan para suplir movementos e axudar nas limitacións funcionais das persoas.

Beneficiarios/as: Persoas que reciben as atencións derivadas do programa e ás que se lles aplica o proxecto de intervención.

Persoal de atención directa: Profesional que materializa as actividades tanto na atención ás necesidades no domicilio como nas de apoio psicosocial, familiar e de relación co contorno, enmarcadas no proxecto do intervención da persoa beneficiaria.

Proxecto de intervención: Documento que xorde como acordo coa persoa beneficiaria da valoración das necesidades que cómpre satisfacer. Establece os obxectivos que se pretenden alcanzar, as tarefas que se van executar e a temporalidade da intervención.

Entidade titular: Concello de Santiago de Compostela, que diseña e define as características do programa e a relación administrativa ou contractual coa entidade prestadora e coa persoa beneficiaria.

Entidade prestadora: Organización que realiza e executa as atencións derivadas do proxecto de intervención ou outros proxectos complementarios de cada persoa beneficiaria.

Servizos complementarios: Actividades que amplían o nivel de atención da axuda a domicilio naqueles aspectos que esta non cobre: podoloxía, terapia ocupacional, barbería, etc.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA. *(subliñase o contido a modificar):*

1. Establécese o prazo dun ano, contado desde a entrada en vigor do decreto Decreto 149/2013 de 5 de setembro, para determinar, consonte as regras contidas na presente norma, a capacidade económica e a participación no custo dos servizos daquelas persoas que na data de publicación deste decreto xa contaran con resolución de programa individual de atención e determinación da súa participación no custo dos servizos dos cales fose usuaria, de conformidade co disposto no artigo 38.2 do Decreto 15/2010. Este prazo será prorrogado por seis meses no suposto de que non fose posible determinar a capacidade económica e a participación no custo dos servizos de todas as persoas usuarias.

2. Durante este período, no caso das persoas usuarias dos servizos dispensados pola Administración local, aboarán as contías que veñan establecidas na correspondente ordenanza municipal. As cantidades aboadas polos usuarios dos servizos dispensados directamente pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar neste período, terán a consideración de entregas á conta da liquidación definitiva que se efectuará unha vez determinada a capacidade económica da persoa usuaria, consonte os seguintes prazos.*

a) No prazo dos tres meses seguintes á entrada en vigor da presente norma, o órgano competente solicitará dos usuarios dos que non se determinase a súa capacidade económica a documentación requirida no artigo 17, que sexa necesaria para a determinación da capacidade económica, concedendo para tales efectos o prazo de tres meses para a súa formalización, agás no suposto de que este autorizase ao órgano tramitador para que estes datos poidan ser solicitados directamente no seu nome.

b) No prazo dos seis meses seguintes a que expirase o anterior prazo, o órgano competente, determinará a capacidade económica da persoa usuaria e para o caso dos servizos dispensados directamente pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar notificaralle dunha banda a liquidación dos importes periódicos a ingresar, consonte o establecido no artigo 31 do presente decreto e doutra a liquidación correspondente as diferenzas existentes entre as contías reivindicadas desde a entrada en vigor da presente norma e as contías aboadas pola persoa usuaria dos servizos no mesmo período, que para estes efectos terán a consideración de cantidades obxecto de regularización. Sempre que a documentación necesaria para a determinación da

capacidade económica fose presentada nos prazos establecidos nesta disposición transitoria, a Administración sexa autorizada para o acceso aos datos tributarios correspondentes ou para o caso de incumprimento do prazo de presentación, este non fose debido a causas imputables ao obrigado, non se devindicarán xuros de mora sobre as cantidades obxecto de regularización.

ESTÍMASE A SUPRESIÓN DO CONTIDO desta disposición dado que soamente afecta aos equipos de dependencia. Polo que ESTA DISPOSICIÓN TERÍA O SEGUINTE TEXTO:

Establécese o prazo de 6 meses, contado desde a entrada en vigor do decreto 149/2013 de 5 de setembro, para determinar, consonte as regras contidas na presente norma, a capacidade económica e a participación no custo dos servizos daquelas persoas que na data de publicación deste decreto xa contaran con resolución de programa individual de atención e determinación da súa participación no custo dos servizos dos cales fose usuaria, de conformidade co disposto no artigo 38.2 do Decreto 15/2010. Este prazo será prorrogado por seis meses no suposto de que non fose posible determinar a capacidade económica e a participación no custo dos servizos de todas as persoas usuarias.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA. *(subliñase o contido a modificar):*

Esta ordenanza deroga expresamente a Ordenanza reguladora do servizo de axuda a domicilio publicada no BOP nº 120, do 26 de xuño de 2012, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria a ela.

ADVERTIDO O ERRO TEXTUAL, ESTÍMASE O CAMBIO PARCIAL DO CONTIDO QUEDANDO O TEXTO DO XEITO SEGUINTE:

Esta ordenanza deroga expresamente a Ordenanza reguladora do servizo de axuda a domicilio publicada no BOP nº 141, do 26 de xullo de 2013, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria a ela.”

Xa que logo de conformidade co ditame favorable da comisión informativa da área de benestar social, correspondente a súa reunión do 24 de xaneiro de 2014, e co informe transcrito con anterioridade, o pleno da corporación, por 12 votos a favor correspondentes aos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, 8 votos en contra dos membros presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 3 abstencións correspondentes aos membros do grupo municipal do BNG, resolve aprobar definitivamente a modificación da ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Santiago de Compostela.

O texto da modificación da ordenanza que ven de aprobarse definitivamente é o que a seguir se transcribe:

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

- Artigo 1º.- Obxecto
- Artigo 2º.- Ámbito de aplicación
- Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivo do servizo
- Artigo 4º.- Contido do servizo
- Artigo 5º.- Persoas destinatarias
- Artigo 6º.- Dereitos das persoas usuarias
- Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias

CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS COMÚNS

- Artigo 8º.- Formas de prestación do servizo
- Artigo 9º.- Requisitos específicos

SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

- Artigo 10º.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento
- Artigo 11º.- Requisitos de acceso ao servizo
- Artigo 12º.- Solicitudes e documentación
- Artigo 13º.- Emenda da solicitude
- Artigo 14º.- Causas de denegación no procedemento de acceso por libre concorrência
- Artigo 15º.- Causas de extinción e modificación do servizo
- Artigo 16º.- Causas de suspensión temporal do servizo
- Artigo 17º.- Desenvolvemento da prestación do servizo
- Artigo 18º.- Intensidade na prestación do servizo
- Artigo 19º.- Regras para a determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia
- Artigo 20º.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento

Artigo 21º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar

Artigo 22º. – Servizos cuxo financiamento se determina mediante cálculo directo sobre a capacidade económica da persoa usuaria

Artigo 23º.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento

Artigo 24º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos

Artigo 25º.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos

Artigo 26º.- Obrigados ao pagamento

Artigo 27º.- Nacemento da obriga do pagamento

Artigo 28º.- Infraccións e sancións

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

ANEXO I

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985) establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito para posibilitar así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española. E no seu capítulo II define o **servizo de axuda no fogar** como un servizo consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei

establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar, de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b), como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garantan o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa entrada en vigor do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, “polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento”, (DOG. Nº 63 do 30 de marzo de 2012), do **Real Decreto-lei 20/2012**, do 13 de xullo “de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria y de fomento de la competitividad”. (BOE nº 168 do 14 de xullo de 2012) e a Publicación do **Decreto 149/2013 de 5 de setembro**, “polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo” (DOG nº 182 do 24 de setembro de 2013), faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do antedito decreto.

En consecuencia, e coa finalidade de garantir equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención así como os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Santiago de Compostela, consonte o marco normativo ao que se fai referencia e que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo municipal de axuda no fogar a través desta ordenanza.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.- Obxecto

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar (SAF) xestionado polo Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se xestiona no Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo

1. O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

2. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

3. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.

- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.
- h) Apoiar e complementar a labor da familia en situacións de sobrecarga derivadas da atención de persoas dependentes ou de crise familiar.
- i) Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral.

Artigo 4º.- Contido do servizo

1. Consonte a valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar este servizo prestarase en todas as súas prestacións básicas e poderá incorporar adicionalmente prestacións opcionais.

Atencións de carácter persoal e doméstico na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio e acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias.

I) Prestacións: Formarán parte deste servizo as seguintes prestacións básicas:

A) Atencións de carácter persoal:

- * Asistencia para levantarse e deitarse.
- * Tarefas de coidado e hixiene persoal así como para vestirse.
- * Control do réxime alimentario e, se é o caso, para alimentarse.
- * Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritos por facultativos/as.
- * Apoio para cambios de postura, mobilizacións, orientación espazo - temporal.
- * Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- * Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.

B) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda.

- * Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- * Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- * Preparación dos alimentos.
- * Lavado e coidado das pezas de vestir, así como do enxoval doméstico.
- * Apoio á unidade familiar.
- * Coidados e mantemento básico da vivenda.

C) Acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias.

- * Apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e similares.
- * Seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.

O Servizo de axuda no fogar, unha vez garantido o nivel básico de atención, poderá incorporar, ademais, os seguintes tipos de actuacións e servizos de carácter complementario:

- a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b. Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.
- c. Adaptacións funcionais do fogar.
- d. Servizo de podoloxía.
- e. Servizo de fisioterapia.

2. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

3. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

4. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- a. A realización de actividades domésticas, que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
- b. Actuacións que polo seu carácter sanitario deban, en todo caso, ser realizadas por persoal facultativo.

5. Asinarase un acordo de servizo entre a persoa usuaria e a entidade titular, en que se recollerá o contido das atencións de carácter básico a prestar segundo aparecen no artigo 4.1 da ordenanza; a distribución semanal, a intensidade horaria e os compromisos de ambas as dúas partes, incluíndo o compromiso de copagamento que corresponda.

Artigo 5º.- Persoas destinatarias

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2. En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Artigo 6º.- Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
4. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
5. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
6. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
7. Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
8. A coñeceren a situación do seu expediente.
9. A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proxecto de intervención acordado.
10. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.
11. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
2. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
3. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo ao seu dispor, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
4. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
5. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
6. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
7. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
8. A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.
9. Participar no pagamento dos servizos naqueles supostos concretos que se establezan nesta ordenanza e nas normas reguladoras correspondentes que desenvolvan este servizo.

CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓN COMÚNS

Artigo 8º.- Formas de prestación do servizo

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo Concello de Santiago de Compostela ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

Artigo 9º.- Requisitos específicos

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia ou equivalente, regulado no R.D. 1593/2011, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade, ou o recoñecido pola lexislación vixente.

3. O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias será realizado polo persoal técnico, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no expediente individual, a través dos correspondentes informes de seguimento. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

4. O Concello de Santiago de Compostela abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- a. Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
- b. Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable.
- c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Santiago de Compostela e a persoa usuaria.
- d. Informes de seguimento periódicos, que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo co recollido na normativa vixente de protección de datos de carácter persoal.

SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

Artigo 10º.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase do xeito que segue:

10º.1.- Acceso directo

O acceso será prioritario e **directo** para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA) e, consonte a aplicación do programa de asignación de recursos (PAR) establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos.

Para estes efectos, o Concello de Santiago de Compostela, cando sexa o caso, procederá a dar de alta ás persoas en agarda de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do cuidador.

10º.2.- Acceso por libre concorrencia

Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia, resolverase en réxime de libre concorrancia.

Artigo 11º.- Requisitos

Para acceder aos servizos de atención domiciliaria, deberán reunirse os seguintes requisitos:

1. Estar empadroado e residir no municipio de Santiago de Compostela.
2. Presentar a documentación esixida.
3. Ser valorado como recurso idóneo a aplicar pola unidade técnica de Servizos Sociais.

Artigo 12º.- Solicitudes e documentación

12º.1.- Para o acceso por libre concorrancia

O procedemento iniciarase mediante a presentación da solicitude, en modelo normalizado, no Rexistro Xeral do Concello, sen prexuízo do previsto no artigo na Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común, acompañada da seguinte documentación:

1. Fotocopia do DNI /NIE da/o interesada/o.
2. No caso en que a persoa solicitante actúe a través de representante deberá presentar: copia compulsada da sentenza de incapacitación legal e nomeamento de titor/representante legal; se é o caso, fotocopia compulsada do DNI/NIE/pasaporte da persoa que teña esta representación.
3. Fotocopia compulsada do libro de familia, no caso de seren menores de idade.
4. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa interesada.
5. Informe das condicións de saúde, facendo mención das medidas preventivas a ter en conta, de ser o caso.
6. Certificado do organismo público onde se recoñeza a invalidez ou discapacidade física, psíquica ou sensorial, de selo caso.
7. Certificado ou informe municipal de convivencia
8. Xustificante de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e/ou outros bens que posúan, os membros da unidade de convivencia, por medio dalgunha da seguinte documentación:

* Certificado de pensión do organismo competente.

* Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu caso certificado negativo de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.

* Certificación do INEM acreditativa de estar en situación de desemprego e de percepción ou non de prestacións, de ser o caso.

* Xustificante das percepcións doutras prestacións sociais, de ser o caso

* Impreso de domiciliación bancaria, de ser o caso.

2. Autorización ao Concello de Santiago de Compostela para solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria.

3. Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.

4. Xustificante dos gastos deducibles: custo da vivenda habitual e bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do/a beneficiario/a.

5. Declaración de patrimonio, certificado da Consellería de Facenda

12º.2.- Para o acceso directo

As persoas que teñan recoñecida unha situación de dependencia, que se lles asignara o servizo de axuda no fogar no PÍA e no PAR, achegarán, se fose o caso, a documentación precisa para actualizar os datos persoais e familiares así como os referidos á capacidade económica.

En ambos os dous tipos de acceso, con independencia da documentación que se sinala, o Concello poderá esixir os documentos complementarios que durante a tramitación do expediente considere oportunos en relación coa prestación solicitada.

O persoal de Servizos Sociais recadará de oficio, por si mesma, a través doutros departamentos municipais o extramunicipais, información relativa ao cumprimento dos requisitos de empadramento e daqueles outros indispensables que non se acreditaran suficientemente, sen prexuízo da obtención da correspondente autorización por parte do interesado consonte a normativa vixente en materia de protección de datos.

O Concello resérvase as actividades inspectoras que considere convenientes sobre os datos achegados e relacionados co servizo que se solicita.

Artigo 13º.- Emenda da solicitude

Cando se presenten solicitudes incompletas, que non reúnan os requisitos que sinala o artigo 70 da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99, ou que non acheguen algúns dos documentos esixidos na referida normativa, requirirase ao/á interesado/a para que, ao abeiro do artigo 71 da referida lei, no prazo de 10 días emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que se non o fixese se lle terá por desistido/a do seu pedimento, logo da resolución que deberá de ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da citada lei ou de calquera outra que a substitúa.

a.- As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido para tal fin.

b.- O departamento de Servizos Sociais elaborará un informe e a proposta que será elevada á Alcaldía, ou ben ao Concelleiro ou Concelleira por delegación para ditar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses.

No caso de que sexa favorable, terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse **na lista de agarda**, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo, segundo se establece no anexo I. En caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda. En todo caso, na resolución farase constar, cando menos:

- Aprobación ou denegación do servizo.

- Dispoñibilidade de alta efectiva ou paso á lista de agarda.

- As condicións de carácter económico en que se prestará o servizo:

* Prezo público do servizo que satisfará a persoa beneficiaria.

* Prezo público do servizo que satisfará o Concello de Santiago de Compostela.

A resolución de aprobación que se dite notificarase á persoa interesada ou ao seu representante legal, á unidade de traballo social e á entidade prestadora do servizo.

En caso de denegación, faranse constar as causas que motivan a resolución, que será notificada á persoa interesada ou ao seu representante legal dentro do prazo de dez días a partir da data en que o acto fose ditado e deberá conter o texto íntegro da resolución, con indicación de se é ou non definitiva na vía administrativa, dos recursos que procedan, do órgano ante o que se poden presentar e do prazo para interpoñelos, sen

prexuízo dos cales os interesados poidan exercitar, se é o caso, calquera outro que consideren conveniente. Desta resolución darase conta á unidade de traballo social correspondente (consonte o artigo 58 de Lei 30/92).

c.- Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía, ou Concelleiro ou Concelleira por delegación, resolverá o expediente, á vista do informe do/da traballador/a social e da proposta. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación que a desencadeou. A desaparición desta levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.

d.- Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido.

e.- Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo que accederon polo sistema de libre concorrencia, co fin de comprobar que se cumpren as condicións para a súa continuidade. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no artigo 12.1, agás aquela que xa conste no seu expediente individual. No caso dos usuarios do sistema de dependencia deberán acreditar a actualización dos datos económicos se fose o caso.

Artigo 14º.- Causas de denegación no procedemento de acceso por libre concorrencia

A denegación da solicitude procederá por algunha das seguintes causas:

1. Non cumprir os requisitos esixidos no artigo 11º da presente ordenanza.
1. Poder satisfacer axeitadamente as súas necesidades por si mesmo/a e/ou co apoio dos seus familiares.
2. Non ser a necesidade alegada obxecto de cobertura polo servizo de axuda no fogar.
3. Non aceptar as condicións do servizo municipal en canto a prestacións e á obriga de participar no pagamento dos servizos naqueles supostos concretos que se establezan nesta ordenanza.
4. Persistir as circunstancias que motivaron a extinción do servizo..
5. Que a vivenda non reúna as mínimas condicións de habitabilidade, careza de auga, luz..., sexa unha infravivenda, chabola ou similar, segundo establece a lexislación vixente .
6. Negativa a facilitar os medios oportunos e condicións para que sexa levado a cabo o servizo.
7. A negativa a asinar o acordo de prestación do servizo e o proxecto de intervención.
8. Residir nunha pensión, hostel, hotel, en cuartos realugados.
9. Calquera outra causa debidamente motivada.

Artigo 15º.- Causas de extinción e modificación do servizo

1. Son causas de extinción e/ou modificación do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

- a. Falecemento da persoa usuaria.
- b. A renuncia ou desistimento da persoa usuaria.
- c. Atoparse en situación de suspensión do servizo por un período superior a tres meses, para as persoas usuarias a través do sistema de libre concorrència.
- d. Melloría da situación ou desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
- e. Cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade e co servizo de axuda no fogar.
- f. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- g. A falta reiterada de pagamento do servizo.
- h. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

As persoas usuarias que accederan ao servizo de axuda no fogar polo sistema de libre concorrència e fosen valoradas con posterioridade correspondéndolles a efectividade do dereito, poderán ver modificadas as condicións da prestación do servizo consonte o establecido no programa individual de atención e a normativa de aplicación.

As modificacións tamén poderán producirse por pedimento da persoa interesado/a, mediante solicitude subscribida por ela coa valoración do/a traballador/a social da unidade técnica de servizos sociais, á vista dos posibles cambios da situación que motivou a concesión.

3. Cando se trate dun servizo de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia, a incoación dun expediente de extinción ou modificación da prestación terá que ser notificada ao órgano competente para ditar a resolución do PÍA, de acordo co establecido na Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo.

Artigo 16º.- Causas de suspensión temporal do servizo

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo da tramitación do correspondente expediente e do informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de dous meses para as persoas usuarias do sistema de dependencia, e por un máximo de tres meses para as persoas que acceden ao servizo por libre concorrencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

Artigo 17º.- Desenvolvemento da prestación do servizo

1. O prazo de alta no servizo será como máximo dunha semana desde que á persoa usuaria se lle asigna o recurso desde o programa de asignación de recursos (PAR) para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou desde que se dite resolución por parte da Alcaldía ou Concelleiro ou Concelleira por delegación, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrencia. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.

2. Antes do inicio do servizo, o persoal técnico de servizos sociais realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria sobre as actuacións e tarefas que se desenvolverán no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.

3. A asignación do persoal de atención directa farase con base no perfil requirido para cada caso concreto. Realizarase, así mesmo, unha visita domiciliar para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa tecnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo que deban efectuarse por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo asinar o acordo de servizo.

4. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas que cómpre desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimensual.

5. Farase entrega á persoa usuaria dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.

6. Así mesmo, entregarase ao persoal de atención directa, o documento que conteña as tarefas que se van desenvolver no domicilio.

7. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará ao seu dispor para calquera queixa ou reclamación. En caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

O departamento de Servizos Sociais do Concello abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- * Un informe de avaliación inicial, asinado polo técnico competente responsable.
- * Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable.
- * Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Santiago de Compostela e a persoa usuaria.
- * Informes de seguimento da prestación nos domicilios das persoas usuarias, que terán, como mínimo, un carácter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

Artigo 18º.- Intensidade na prestación do servizo

A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.

1. A intensidade do servizo de axuda no fogar, para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e concordará co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

2. Nos restantes casos, a intensidade do servizo virá determinada na prescrición efectuada polo departamento de Servizos Sociais do Concello.

Artigo 19º.- Regras para a determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.

1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes

Artigo 20º.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades

de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Artigo 21º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar

Para facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, aplicará unha táboa de **copagamento** de servizo de Axuda no fogar, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria referenciada ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), e en función da intensidade do servizo asignado.

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %

450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa usuaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade que se debe pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria dependente en concepto de copagamento, poderá exceder o **90% da custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.**”

Artigo 22º Servizos cuxo financiamento se determina mediante cálculo directo sobre a capacidade económica da persoa usuaria.

O sistema de cálculo directo sobre a capacidade económica da persoa usuaria será de aplicación ao servizo de axuda no fogar.

Artigo 23º.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento

1. Para o servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo con base no cálculo da capacidade económica per capita, de acordo co establecido no artigo 20 desta ordenanza.

Capacidade Económica	Porcentaxe de participación no custe de Axuda no Fogar Básico
Inferiores ou iguais ao 80%	0%
Máis do 80% e iguais ou inferiores ao 100%	10%
Máis do 100% e iguais ou inferiores ao 125%	15%
Máis do 125% e iguais ou inferiores ao 150%	20%
Máis do 150% e iguais ou inferiores ao 175%	30%
Máis do 175% e iguais ou inferiores a 200%	40%
Máis do 200% e iguais ou inferiores ao 225%	60%

Máis do 225% e iguais ou inferiores ao 250%	70%
Máis do 250%	90%

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do **40% da súa capacidade económica**.

Artigo 24º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos

Ao abeiro do artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o Concello de Santiago de Compostela en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

Artigo 25º.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello.

Artigo 26º.- Obrigados ao pagamento

Están obrigadas ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas usuarias beneficiarias do servizo prestado por este Concello ás que se refire o artigo 5.

Artigo 27º. - Nacemento da obriga do pagamento

A obriga de pagar os prezos públicos, consonte coa ordenanza fiscal reguladora do prezo para a prestación deste servizo no Concello de Santiago de Compostela, nace desde que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectiva de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos previstos nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante a primeira quincena do mes seguinte.

2. Por parte do Concello, e sobre a base do parte de traballo asinado conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual co número de horas e o importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria para que se efectúe o pagamento.

Artigo 28º. - Infraccións e sancións

Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título III da Lei 39/2006, do 14 de decembro, e nos títulos IX e X da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Para o exercicio da potestade sancionadora en materia dos prezos públicos será de aplicación o réxime establecido pola Lei de Facendas Locais.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

A axuda no fogar do Concello de Santiago de Compostela é de titularidade municipal, e será coordinado polos servizos sociais municipais.

Co fin de facilitar a comprensión desta ordenanza, explícanse os seguintes conceptos:

Autonomía: Capacidade de controlar, afrontar e tomar, por propia iniciativa, decisións persoais acerca de como vivir de acordo coas normas e preferencias propias así como desenvolver as actividades básicas da vida diaria.

Dependencia: Estado de carácter permanente no que se atopan as persoas que, por razóns derivadas da idade, enfermidade ou discapacidade, e ligadas á falta ou á perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisan da atención ou doutra ou outras persoas ou axudas importantes para realizar actividades básicas da vida diaria ou, no caso das persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental, de apoios para a súa autonomía persoal.

Necesidades de apoio para a autonomía persoal: As que requiren as persoas que teñen discapacidade intelectual ou mental para facer efectivo nun grao satisfactorio de autonomía persoal no seo da comunidade.

Actividades básicas da vida diaria (ABVD): As tarefas máis elementais da persoa, na súa vida cotiá, que lle permiten desenvolverse cun mínimo de autonomía e

independencia, tales como: o coidado persoal, baño, vestido, transferencias, actividades domésticas básicas, a mobilidade esencial, recoñecer persoas e obxectos, orientarse, entender e executar ordes sinxelas.

Actividades instrumentais da vida diaria: Conxunto de accións que realiza unha persoa permitindo o autosostemento no seu contorno habitual: cociñar, pasar o ferro, manexo de diñeiro etc.

Coidados non profesionais: A atención prestada a persoas en situación de dependencia no seu fogar por persoas da familia ou do seu contorno, non vinculadas a un servizo de atención profesionalizada.

Axudas técnicas: Equipos, dispositivos, aparellos ou adaptacións tecnolóxicas que se utilizan para suplir movementos e axudar nas limitacións funcionais das persoas.

Beneficiarios/as: Persoas que reciben as atencións derivadas do programa e ás que se lles aplica o proxecto de intervención.

Persoal de atención directa: Profesional que materializa as actividades tanto na atención ás necesidades no domicilio como nas de apoio psicosocial, familiar e de relación co contorno, enmarcadas no proxecto de intervención da persoa beneficiaria.

Proxecto de intervención: Documento que xorde como acordo coa persoa beneficiaria da valoración das necesidades que cómpre satisfacer. Establece os obxectivos que se pretenden alcanzar, as tarefas que se van executar e a temporalidade da intervención.

Entidade titular: Concello de Santiago de Compostela, que diseña e define as características do programa e a relación administrativa ou contractual coa entidade prestadora e coa persoa beneficiaria.

Entidade prestadora: Organización que realiza e executa as atencións derivadas do proxecto de intervención ou outros proxectos complementarios de cada persoa beneficiaria.

Servizos complementarios: Actividades que amplían o nivel de atención da axuda a domicilio naqueles aspectos que esta non cobre: podoloxía, terapia ocupacional, barbería etc.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Delégase na Xunta de Goberno Local a facultade de interpretar e aplicar as disposicións contidas nesta ordenanza, así como a redacción das instrucións que sexan necesarias para a súa correcta interpretación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

O servizo de atención no fogar no Concello de Santiago de Compostela adaptarase en todo momento á normativa estatal e autonómica vixente sobre o sistema de autonomía e atención á dependencia (SAAD) de Galicia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

Establécese o prazo de 6 meses, contado desde a entrada en vigor do decreto 149/2013 de 5 de setembro, para determinar, consonte as regras contidas na presente norma, a capacidade económica e a participación no custo dos servizos daquelas persoas que na data de publicación deste decreto xa contaran con resolución de programa individual de atención e determinación da súa participación no custo dos servizos dos cales fose usuaria, de conformidade co disposto no artigo 38.2 do Decreto 15/2010. Este prazo será prorrogado por seis meses no suposto de que non fose posible determinar a capacidade económica e a participación no custo dos servizos de todas as persoas usuarias.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Esta ordenanza derroga expresamente a Ordenanza reguladora do servizo de axuda a domicilio publicada no BOP nº 141, do 26 de xullo de 2013, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria a ela.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta ordenanza entrará en vigor, ao día seguinte da data da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I.- BAREMO LIBRE CONCORRENCIA

Baremo para determinar a asignación do Servizo de Axuda no Fogar

(Orde 22 de xaneiro de 2009 - DOG nº 22 do 2 de febreiro 2009)

FACTOR 1: Autonomía persoal (máximo total 40 puntos)

Táboa de equivalencia para a valoración do nivel de autonomía persoal.										
			75 %- 100 %		81 % - 87 %		88 % - 93 %		94 % - 100 %	Grao de Discapacida-de sen valoración de ATP ou BVD

Falta de autonomía, pero pendiente de valoración	De 33 % ao 64 % de discapacidade	De 65 % ao 74 % de discapacidade	75 % - 100 % Discapacidade e ata 14 pts ATP		75 % - 100 % Discapacidade E 15-29 pts ATP		75 % - 100 % Discapacidade e 30-44 pts ATP		75 % - 100 % Discapacidade e 45-72 pts ATP	Grao de Discapacidade + axuda terceira persoa (RD 1971/1999)
			75 % - 100 % Discapacidade e ata 14 pts ATP		75 % - 100 % Discapacidade e 15-29 pts ATP		75 % - 100 % Discapacidade e 30-44 pts ATP		75 % - 100 % Discapacidade e 45-72 pts ATP	Grao de Discapacidade + axuda terceira persoa (RD1971/1999)
			75 % discapacidade ata 24 pts BVD	25- 39 pts. BVD	40- 49 pts BVD	50 64 pts BVD	65- 74 pts BVD	75-89 pts. BVD	90-100 pts BVD	Grao de discapacidade+ axuda terceira persoa. Puntuación BVD (RD504/2007)
				Grao I, nivel 1	Grao I, nivel 2	Grao II, nivel 1	Grao II, nivel 2	Grao III, nivel 1	Grao III, nivel 2	Situación de dependencia (Decreto 176/2007)
5 pts	5 pts	10 pts.	14 pts.	20 pts	24 pts.	30pts.	32 pts.	38 pts.	40 pts.	Puntuación nivel de autonomía persoal
FACTOR 1: Total puntos autonomía persoal (máximo 40 puntos)										

ANEXO I.- BAREMO LIBRE CONCORRENCIA

FACTOR 2: apoio social (máximo total 20 puntos)

2.1 Vive soa		Puntos
A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos)		
A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes (18 puntos)		
2.2 Convive con alguén		Puntos
A persoa convive con persoa sen capacidade para atendela (ata 12 puntos):	Cunha persoa maior de 70 anos	
	Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos)	
	Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos)	
	Con incapacidade para organizarse (3 puntos)	
	TOTAL	
Os familiares néganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidades (8 puntos)		
Vive só/soa pero hai familiares con posibilidade de atendelos no mesmo concello ou a		

menos de 20 km (5 puntos)	
Está ben atendido (0 puntos)	
FACTOR 2: Total puntos apoio social (máximo 20 puntos)	

ANEXO I.- BAREMO LIBRE CONCORRENCIA

FACTOR 3: situación familiar/socialización menores (máximo 20 puntos)

3.1. Conflito (máximo total 4 puntos)	Puntos	Puntos
Cun membro xerador de conflito de nivel moderado (1 punto)		
Cun membro xerador de conflito de nivel grave (2 puntos)		
Con máis dun membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos)		
Con máis dun membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos)		
Total 3.1 (máximo 4 puntos)		
3.2. Limitacións de rol (máximo 2 puntos)		
Familias en que ambos os proxenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atención aos menores (2 puntos)		
3.3. Monoparentalidade (máximo total 2 puntos)		
Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...) non poidan atender os menores (2 puntos)		
3.4. Habilidades parentais (máximo total 2 puntos)		
Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimentarios, aseo persoal, administracións do orzamento, ausencia de roles, organización...) (2 puntos)		
3.5. Número de menores (máximo total 10 puntos)	Puntos	
Un menor (3 puntos)		
Dous menores (5 puntos)		
Tres menores (7 puntos)		
Catro ou máis menores (10 puntos)		
Total 3.5 (máximo 10 puntos)		
FACTOR 3: Total puntos situación familiar/socialización menores (máximo 20 puntos)		

ANEXO I.- BAREMO LIBRE CONCORRENCIA

FACTOR 4: outros aspectos sociais (máximo 20 puntos)

4.1. Vivenda (total 10 puntos)	Puntos	Puntos
Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade (6 puntos)		
Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (2 puntos)		
Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (2 puntos)		
Total 4.1.- (Máximo 10 Puntos)		
4.2. Integración no contorno (total 10 puntos)	Puntos	
Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos)		
Ausencia de relacións sociais (6 puntos)		
Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos)		
Integración axeitada no contorno (0 puntos)		

Total 4.2.- (Máximo 10 Puntos)	
FACTOR 4: Total puntos outros aspectos sociais (máximo 20 puntos)	

RESUME	Puntos
FACTOR I: Total puntos autonomía persoal	
FACTOR II: Total puntos apoio social	
FACTOR III: Total puntos situación familiar/socialización menores	
FACTOR IV: Total puntos outros aspectos sociais	
TOTAL XERAL	

3. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA AO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA UNHA ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NA PRAZA DE GALICIA.

Incorpórase á sesión a concelleira Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.

A proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE con data de 20 xaneiro de 2014, ten o seguinte contido:

“A Xunta de Goberno Local de 2 de decembro de 2013 adxudicou o contrato de “Subministro e instalación de equipamento para unha área de xogos infantís na Praza de Galicia”.

O goberno municipal está a propoñer un parque infantil na zona máis hostil da cidade, xa que a carón desta praza que funciona como unha rotonda para o tráfico rodado, transitan diariamente máis de 20.000 vehículos particulares, así como 614 autobuses do transporte urbano da cidade que ademais realizan paradas no ámbito da praza co motor en marcha, mentres os viaxeiros soben e baixan ou ben permanecen á espera da súa hora de saída. A todo isto temos que sumarlle a saída dos gases do aparcamento soterrado nas inmediacións deste futuro parque infantil. Por todo o exposto, o grupo municipal socialista considera que a contaminación atmosférica nesta contorna pode ser moi elevada e que non podemos xogar coa saúde dos máis pequenos nun dos puntos con máis afluencia de tráfico.

O Decreto 245/2003, do 24 de abril, da Xunta de Galicia, establece as normas de seguridade nos parques infantís e no seu artigo 3 di textualmente:

“Punto 1. Os parques infantís deberán estar situados en zonas onde os posibles riscos para os usuarios sexan mínimos, evitando a elevada contaminación atmosférica e acústica....”

“Punto 2. As superficies previstas para o xogo deberán estar debidamente acotadas dunha forma segura e separadas do tráfico rodado, ben mediante un distanciamento

mínimo de 30 metros ou ben a través da súa separación por medios naturais ou artificiais que protexan aos menores do perigo derivado do seu acceso inmediato á calzada.”

Así pois, xa que desde as administracións públicas temos a obriga de protexer a saúde da poboación en xeral e especialmente a das nenas e nenos da nosa cidade, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta a seguinte **PROPOSICIÓN** para a súa aprobación no Pleno da Corporación:

1.- Que o goberno municipal solicite de forma inmediata un informe técnico ambiental no que se informe detalladamente dos niveis de contaminación atmosférica e acústica no ámbito da Praza de Galicia, facendo especial fincapé na medición de gases.

2.- Que a Xunta de Goberno acorde a paralización das obras para o subministro e instalación da área de xogos infantís na Praza de Galicia, mentres non se dispoña do informe que indique a idoneidade desta ubicación.”

Dona María Gómez Bugallo expón que na Xunta de Goberno Local do 2 de decembro de 2013 adxudicouse a contratación de subministro e instalación de equipamento para unha área de xogos infantís na Praza de Galicia.

Opina que esta contratación que se fai dende o goberno municipal é das accións máis descabelladas que lle ten visto ao grupo popular dende que está no goberno. Non cuestionan que estean lexitimados para levar a cabo este proxecto. Eles entenden cales son os principios básicos da democracia, falan, opinan e tamén fiscalizan a acción do goberno municipal.

O Decreto 245/2003, do 24 de abril, da Xunta de Galicia, establece as normas de seguridade nos parques infantís e no seu artigo 3 di textualmente:

“Punto 1. Os parques infantís deberán estar situados en zonas onde os posibles riscos para os usuarios sexan mínimos, evitando a elevada contaminación atmosférica e acústica....

“Punto 2. As superficies previstas para o xogo deberán estar debidamente acotadas dunha forma segura e separadas do tráfico rodado, ben mediante un distanciamento mínimo de 30 metros ou ben a través da súa separación por medios naturais ou artificiais que protexan aos menores do perigo derivado do seu acceso inmediato á calzada.”

No tocante ao primeiro punto do Decreto non entende como sen un informe técnico pode dicirse que non hai contaminación atmosférica nin acústica.

Indica que a calidade do aire en Santiago é boa, pero a Praza de Galicia non é o punto máis axeitado para mandar aos máis pequenos a xogar aí. Nunha praza na que pasan ao día miles e miles de vehículos, hai seiscentas catorce paradas de autobuses urbanos, e a isto se lle suma o transporte escolar, turístico, e por se isto fóra pouco, as saídas de gases do aparcamento soterrado da praza.

Respecto do punto segundo do Decreto, entende que sería imposible deixar trinta metros de separación dende a calzada, porque non collería nin un columpio. Ademais se levantan unha valla dun 1.80 metros, a imaxe é terrible: nenos enxaulados e gaseados.

A altura do peche, cumpre a normativa, pero non entende como pode estar tranquila sabendo a contaminación e tráfico que hai nesta praza e os perigos que poden correr os nenos e nenas ao entrar e saír do parque. Pregúntase se vai ser necesario poñer un policía municipal para que lle prohiba a entrada aos rapaces que levan un balón.

Causoulle perplexidade o exemplo da Sra. Pardo relativo ao parque infantil da cidade de Madrid na Castellana, pois non opina que as políticas da Sra. Botella sexan un referente en medio ambiente e cidade sostible.

A Sra. Bugallo di textualmente: “a señora Botella, antes de ser alcaldesa foi concelleira de medio ambiente, e da súa boca saían perlas como “o planeta a de estar ao servizo do home”, “a polución non é nociva para a saúde dos cidadáns”, e en algo que nos cae moi cerca na catástrofe do Prestige, só hai un culpable o barco.

Tamén afirmou que os mendigos eran unha dificultade engadida á limpeza das rúas, outra perla e que a cenicienta é un exemplo para a nosa vida polos valores que representa, recibe os malos tratos sen rechistar, e busca consolo no recordo da súa nai.”

En consecuencia, xa que dende as administracións públicas existe a obriga de protexer a saúde da poboación en xeral e especialmente, a das nenas e nenos da nosa cidade, polo que o Grupo Municipal Socialista presenta a seguinte PROPOSICIÓN para a súa aprobación no Pleno da Corporación:

1.- Que o goberno municipal solicite de forma inmediata un informe técnico ambiental no que se informe detalladamente dos niveis de contaminación atmosférica e acústica no ámbito da Praza de Galicia, facendo especial fincapé na medición de gases.

2.- Que a Xunta de Goberno acorde a paralización das obras para o subministro e instalación da área de xogos infantís na Praza de Galicia, mentres non se dispoña do informe que indique a idoneidade desta ubicación.

Dona Elvira Cienfuegos López, toma a palabra e expón que aínda sen coñecer os datos manexados polo goberno da poboación infantil do contorno da Praza de Galicia, opinan que uso da praza non é atractivo nin para crianzas, nin mocidade, nin para persoas adultas. É unha evidencia que levou á procura de alternativas para o aproveitamento dun espazo que non é nin utilizado como lugar de encontro, nin como lugar de paso.

O BNG, sempre defendeu que calquera modificación deste espazo debería facerse con cambios na mobilidade do contorno, e en tanto, tales modificacións non chegasen, entendían que o papel da praza como reserva verde do contexto do ensanche era valioso. Hoxe manteñen a mesma opinión. A ninguén lle sorprendeu que o anuncio de incorporar unha área de xogo infantil e de actividade física para persoas adultas topase co rexeitamento do BNG que fixo público dende o primeiro momento, reiterándoo en comunicado de prensa a principios de decembro. Ademais de participar en moitos debates ao respecto.

Lembra que o colexio de arquitectos tense manifestado no mesmo sentido, e teñen escoitado de moita xente tamén do Ensanche o rexeitamento a intervención.

Considera que sendo limitados e escasos os cartos públicos isto forza a que haxa criterios claros para establecer prioridades, de xeito que se gaste no necesario e demandado, pero éste non é o caso.

Cos novos equipamentos a praza seguirá igual, seguirá co mesmo ruído ambiental procedente dos vehículos a motor que con alta densidade circulan polos catro lados da praza. Seguirá coa mesma dificultade para os cruzamentos, coa mesma presenza de autobuses, coas mesmas retencións semaforicas, coa mesma concentración de xente nas beirarrúas opostas á praza, co mesmo entrar e saír de vehículos no aparcamento subterráneo, coas mesmas emisións de contaminantes a atmosfera. Non é por casualidade que o Decreto 245/2003, estableza que os parques infantís deben estar situados en zonas onde os posibles riscos sexan os mínimos, evitando a contaminación atmosférica e acústica. As áreas de xogo infantil xorden como resposta á concentración humana nas cidades, e á necesidade de garantir nelas, zonas de xogo seguro para as distintas idades, e polo tanto, alonxadas no posible, de rúas de alta densidade de tráfico.

Non abonda con que a calidade do aire en Santiago sexa boa. As dúas estacións de control están situadas en puntos estratégicos para determinar a calidade media do conxunto.

Refírese a que preocupantes eran os datos recollidos na Praza de Vigo cando alí estivo a estación de control, trasladada por entender que non reflectía a calidade do aire na cidade.

Na Praza de Galicia pode que as emisións sexan aínda maiores, pola elevada concentración de tráfico rodado, un dos maiores de Santiago. Sucedede que este é o espazo elixido para a socialización, para a comunicación, para actividade física de nenos e maiores, un espazo para respirar intensamente, para inhalar aire recién expulsado dos motores.

Pide que soliciten un informe técnico, xa que existen estacións móbiles de control da calidade do aire coas que medir ruídos e contaminantes químicos.

O departamento de saúde pública da facultade de medicina da Universidade de Santiago seguro que tamén pode aportar neste sentido, pois hai estudos que relacionan a contaminación atmosférica diaria cos eventos de saúde en series amplas.

Solicita que non se conformen con datos antigos que se publican hoxe nun xornal local do baixo nivel de partículas en Santiago, e tamén que non se conformen porque a Organización Mundial da Saúde diga que non se coñece o umbral por debaixo do cal non hai efectos das partículas sobre a saúde. Pide que en tanto non dispoñan dos informes, adopten unha pausa na execución. Solicita que non se empeñen en incorporarlle un equipamento de xogo e exercicio físico cando hai no concello moitas demandas e necesidades sen atender, particularmente, da poboación infantil.

Dona María Pardo Valdés intervén a seguir e di que a iniciativa que trae o grupo socialista a este pleno, referente ao parque infantil que se está a instalar na Praza de Galicia, resultaría sorprendente de non enmarcala dentro da estratexia de acoso e derribo iniciada por esta formación contra calquera iniciativa dirixida ao espazo público da nosa cidade.

Expón que xa ninguén pón en dúbida a política reformista en materia de urbanismo iniciada por este grupo de goberno. Hoxe non é o momento de falar de túneles, nin de centros de saúde, nin de centros socioculturais, nin de proxectos de reurbanización, nin de mellora da accesibilidade de barrios enteiros, nin de tantas outras cousas. Hoxe é o momento, de falar precisamente de parques infantís.

Di que o grupo socialista está a usar a súa nova estratexia de sembrar desconfianza a base de falsidades e infundios sobre calquera actuación municipal, trasladándoa á mobilización cidadá, á denuncia ante organismos, institucións, ou xustiza, xa sexa directamente, ou mediante validos afines ao seu partido.

A denuncia de calquera tema municipal por pequeno que sexa ou infundada que sexa a xustificación, previa axitación mediática e pregunta ao pleno, como preludio da denuncia que se presentará en breves datas, reproducindo no corpo do escrito os argumentos que nesta sala se expoñan.

Di que veñen ao pleno agora, tras moitos meses de terse iniciado o proxecto, e cando xa está a punto de rematarse a súa execución.

Pregúntalles aos membros da oposición se leron o proxecto de dita actuación, e pensa que alomenos non a señora Cienfuegos, que fala de biosaudables e non os hai nesta praza.

Quere tamén clarexar que ningún dos setenta parques infantís instalados no termo municipal polos sucesivos gobernos chamados de progreso cumpren a normativa, se salvaría hoxe en día da revisión periódica e preceptiva. Por iso, di que este goberno vai sacar este ano un concurso de mantemento e homologación dos parques infantís de Santiago de Compostela, porque nestes espazos xogan os nosos fillos.

Pola contra, todos os parques executados ou en proxecto por este goberno municipal cumpren escrupulosamente a normativa de seguridade e tamén o da Praza de Galicia.

O parque infantil que se está a instalar na Praza de Galicia vai dotado dun peche perimetral de seguridade que na súa parte exterior alcanza 1.80 metros de altura, e consta tamén dun recubrimento vexetal que fará o entorno do parque máis agradable e contribuirá a aillalo do tráfico de maneira sostible.

Di que Santiago de Compostela é a cidade de España con mellor calidade de aire, segundo a Organización Mundial da Saúde, con menor índice de pm 10, de partículas microscópicas de materiais pesados dentro dos niveis considerados pola OMS como saudables, 18 partículas por metro cúbico, e seguida a distancia por Logroño e Badaxoz, únicas cidades de España por debaixo dos límites recomendados pola OMS.

De escoitar aos anteriores intervintes podería desprenderse que os nenos non poden vivir en ningunha cidade española. Di que a súa esaxeración lles deixa en evidencia e lles ridiculiza. Refírese a que hoxe publícanse nun medio de comunicación local os resultados dun estudo do grupo de ecotoxicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela que confirma que a calidade do aire na nosa cidade é óptimo.

Lembra que a Praza de Galicia como zona aberta que é, a máis diáfana do ensanche, resulta ser unha das zonas con menor índice de metais pesados en ambiente, con niveis iguais ou inferiores aos do parque da Alameda, e inferiores ao doutras zonas do Ensanche.

Falaron de que hai un parking baixo a Praza de Galicia, como se fose un pozo negro de polución, e un caso raro en calquera cidade. Pregunta ao fío do anterior se hai ou non un parking baixo o parque de Ramirez na Praza Roxa, ou na Praza de Vigo, no Colexio La Salle, na Praza Tras Parlamento, nas principais rúas do Ensanche, ou en Rodrigo de Padrón, ao lado do instituto Rosalía. É dicir, ¿debaixo de qué praza non hai un parking?. Ese é o coñecemento que teñen da nosa cidade.

Á Sra. Gómez Bugallo reprícalle se acaso non sabe que este proxecto xa vai acompañado do seu correspondente informe. E lembra que non é preceptivo o informe de impacto ambiental para os parques infantís. Remata dicindo que por tales motivos rexeitan a proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE.

Dona María Gómez Bugallo opón que cómpre recoñecer que a calidade do aire en Santiago tamén é herdanza, e non só dende que está o grupo municipal do Partido Popular. É certo que teñen que investir en setenta parques infantís en Santiago, pero iso é lóxico, porque a lexislación vai cambiando e hai que adaptarse aos cambios de lexislación, polo mantemento e polo uso e deterioro que sofren as parques.

Con respecto ao parque de Ramírez, di que a saída de fumes do parking non está dende logo xunto ao parque infantil.

Eles non queren promover un Gamonal, polo que lle pide a Sra. Pardo que cambie o seu discurso. Dille que no seu dicionario as palabras “democracia” ou “liberdade” non deben ter o mesmo significado que no seu.

Eles están a cumprir coa súa obriga de fiscalizar o seu traballo, e defender os intereses dos veciños, e neste caso a saúde e a integridade física dos máis pequenos e pequenas. Por iso din non cando por cabezonería non queren frear o proxecto.

Di que non lles ofende coas alusións a Gamonal, xa que os acontecementos ocorridos nese barrio son o reflexo dun pobo vivo que loita polo seu barrio e que farto de negociar cun goberno que facía oídos xordos ás súas necesidades, tívose que botar a rúa.

O grupo socialista, non só di o que fan mal, tamén fai propostas e dá alternativas. Unha forma de facer a oposición que eles non coñecen, nin teñen coñecido nunca en ningunha das distintas institucións nas que lles ten tocado ser oposición, incluído este concello.

Propoñen que o parque infantil se traslade á Alameda, xunto a nova cafetería, que se está a facer. Queda a escasos metros da Praza de Galicia, polo que dará servizo ao mesmo sector da poboación, e non necesita informe técnico ambiental, dado que está rodeado de vexetación.

Dona Elvira Cienfuegos di que despois da proposta segue sen saber cales foron as razóns que impulsaron a elixir ese sitio como idóneo para establecer un parque infantil. Efectivamente a calidade do aire en Santiago é boa, pero eses estudos son de fai anos.

En calquera caso, os datos últimos son os da Consellería de Medio Ambiente e ten publicado recentemente o informe de 2012. Efectivamente, a calidade do aire é boa, pero non das emisións, senón das inmisións. É dicir, o que se fai é un control da calidade unha vez que se emitiu, e na Praza de Galicia estarase a respirar aquilo que se está a emitir xusto in situ.

Non se pode dicir que non teña incidencia na saúde, xa que as partículas son acumulativas, e como son bioacumulativas van permanecer aí durante tempo.

Precisa que a calidade do aire en Santiago non é efectivamente mérito dos gobernos, porque realmente o mérito estriba, sobre todo, nas súas condicións de humidade, precipitacións, de falta de insolación, de ventos, etc. Os parques infantís, teñen que ser seguros, non só no seu deseño, senón no equipamento, na súa ubicación e tamén no seu mantemento.

Cando falan de que hai setenta parques que non cumpren as condicións, supón que se está a referir a que non teñen tido o mantemento adecuado durante este tempo, que ten que ser diario, trimestral e anual, e substituír aqueles elementos que non sexan adecuados, ou que teñan algún inconveniente.

Os parques infantís de Santiago, como os de calquera cidade, mércanse a fabricantes convencionais, e de non ser homologados cómpre facelo con posterioridade. Supón que tamén o terán feito nos pregos de contratación para a Praza de Galicia.

Insiste en que non é unha praza atractiva para ningún tipo de público, nin para o público infantil, nin para os maiores que os acompañan. Alude tamén ao nivel de ruído ambiental.

Remata dicindo que hai moitas cousas nas que investir eses cartos que se van investir aí, sen ter que utilizalos nun equipamento que pola súa ubicación seguro que non vai ter o éxito que cabería esperar.

Dona María Pardo Valdés di que este goberno púxose como obxectivo levar a cabo unha transformación dos espazos urbanos de Santiago de Compostela, co obxectivo de construír unha cidade máis humana e sostible. Hai dúas formas de alcanzar este obxectivo, un, con proxectos grandiosos, consistentes en destruír o que xa existe e sobre elo construír o novo; e outra, a través dunha modificación continua da paisaxe

urbana, mediante pequenas actuacións orientadas todas elas na mesma dirección, tendo sempre como referente a sostibilidade nas súas tres vertentes: económica, ecolóxica e social, o que en urbanismo se relaciona tamén moito cos criterios de accesibilidade e mobilidade.

Ao seu xuízo estas pequenas actuacións permiten un acercamento inmediato aos cidadáns, e a resolución e satisfacción das súas necesidades cotiás, sen que por iso haxa que formular grandes proxectos que requiren de enormes recursos financeiros, e moito tempo para o seu desenvolvemento.

Todas as actuacións do goberno municipal enmárcanse dentro desta aproximación, e por iso creouse a área de desenvolvemento urbano sostible, non é un capricho.

É evidente que cada unha destas pequenas actuacións, tomadas individualmente non permiten ver o obxectivo final. Cómpre ter perspectiva de toda a acción conxunta e de forma sostida no tempo, para comprender o alcance transformador desta actuación.

Nese sentido debe entenderse a actuación na Praza de Galicia, tendente a crear un espazo vital e participativo integrado na malla urbana, que sirva de zona de intercambio interxeracional poñendo en común, zonas de descanso para adultos e de xogo para nenos, nunha ubicación moi central da nosa cidade e polo tanto, de ampla repercusión social.

Non debe esquecerse que a Praza de Galicia é unha zona de tránsito habitual para miles de nenos e nenas que se desprazan a diario dende as súas vivendas no centro de Santiago aos numerosos colexios próximos na cidade. Deste modo, a actuación iniciada por este grupo municipal pon a disposición de nenos e nais unha zona de descanso ao aire libre con todas as condicións de seguridade, nais e pais por suposto, con todas as condicións de seguridade en medio desta ruta.

Loxicamente a actuación emprendida non é unha solución definitiva para este espazo, pero é compatible con estas e outras iniciativas que irán analizando e que propiciarán ese cambio continuo e non invasor da nosa cidade, que modela a paisaxe urbana dunha forma natural e gradual.

Pídelle aos membros da oposición que se suban ao carro do desenvolvemento sostible se queren á cidade, e colaboren co goberno nesta tarefa, porque a súa porta estará aberta.

Dilles tamén que de elixir a política de ofuscamento e confrontación non alterarán a determinación do grupo de goberno, porque o interese e a defensa de Santiago, prevalece sobre as voces dos agoreiros e fatalistas que se moven unicamente por intereses partidarios.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e dille á Sra. Cienfuegos que eles non se conforman cos datos de hoxe, xa que non son datos de hoxe, senón datos do departamento de ecotoxicología. Dille que ela sabe que 59 puntos se seguen a monitorizar na cidade. Pide que non lle quite mérito ao Sr. Carballeira e ao seu equipo.

Cómpre ter en conta eses datos, igual, que este equipo tamén ten en conta e aporta datos para outras cidades de España e incluso de fóra de España.

Resalta que nese traballo cre que hai algúns niveis de zinc curiosos nalgunha rúa, e ao mellor hai que dar explicacións. Por iso di que cando teñan os datos falarán sobre eles para comentalos.

Lembra que na Praza de Galicia, o grupo nacionalista e socialista, como grupo de goberno querían facer enriba da Praza de Galicia, unha cafetería con terraza, e para iso non estaba contaminado.

Fixeron ademais un concurso internacional, a nivel de anteproxecto para a Praza de Galicia; gastaron preto de 50.000 euros, e dito estudio serviu para metelo nun caixón. É dicir tiraron 50.000 euros. O equipo gañador, italiano, dicía que dita praza había que recuperala para os cidadáns. Por iso ían facer unha cafetería con terraza.

Verbo da Praza Roxa di que tiña unha fonte no medio, e unha zona moi limitada de terrazas. O que fixeron foi quitar a fonte, levala da Praza Roxa, poñer unha especie de táboas de surf, e aumentar a zona de terrazas, iso sí, mantendo a circulación de todos os vehículos, nunha zona que sí que ten contaminación. Nunca houbo tantas terrazas na Praza Roxa, pero a circulación é a mesma ou máis aínda.

No Parque de Ramirez a inseguridade dos nenos e nenas era manifesta para as familias. Verbo do parque infantil do Campus di que ao lado puxeron botellón, e claro os nenos tiñan moita seguridade.

Pídelles que non alarmen, non sexan irresponsables e non digan mentiras. Remata dicindo que xa noutro momento as señoras Cienfuegos e Bugallo lle explicarán eses niveis de zinc nunha rúa de Santiago.

Sometida a votación a proposición do grupo municipal socialista, ésta queda rexeitada por 12 votos a favor, correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG, e 13 votos en contra correspondentes aos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, ao facer uso o Sr. Alcalde do voto de calidade.

4. DAR CONTA DE PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES VECIÑAIS NO CONSELLO DE RELACIÓNS VECIÑAIS.

Dase conta ao pleno da proposta do concelleiro delegado da área de participación cidadá, relativa ao nomeamento dos seguintes representantes veciñais no Consello de Relacións Veciñais:

Ámbito urbano:

Don Germán Hermida Noval (A.VV. Monte do Gozo).
Dona M^a Teresa Barral Ameigeiras (A.VV. Brañas de Andrés).
Don Juan José Álvarez Carril (A. VV. de Sar).
Don Alexandre Quiñoá Casteleiro (A. VV. de Pontepedriña).

Ámbito rural:

Don José Cebey Aldrey (A. VV. Coto da Nai).
Dona M^a Jesús Chenel Blanco (A. VV. A Gracia).

5. DAR CONTA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DE ORDENANZAS FISCAIS PARA O ANO 2014.

Don Rubén Cela Díaz aínda que non hai debate neste punto, quere que conste en acata que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego non recibiu ningunha notificación da non aceptación das súas alegacións a estas ordenanzas fiscais.

Don Francisco Reyes di que é unha cuestión de orde porque o único que se achegou ao seu grupo municipal foi unha comunicación, neste caso, da concelleira delegada de facenda, onde fai referencia a unha serie de informes que obran no expediente, e hai unha dilixencia de secretaría facendo constar que non hai esa documentación. Considera que sen documentación non se pode dar conta.

Engade que sen documentación estarían diante, probablemente, dunha nulidade. Entenden que o que hai que facer é retirar este punto e traelo coa documentación completa a outro pleno.

Interveño eu por requirimento do Sr. Alcalde e indico que é certo que no pleno non estaba toda a documentación, pero preciso que se lles facilitou a documentación a través da directora de área de economía e facenda.

Don Francisco Reyes precisa que dar conta é dar conta do conxunto do expediente. Cando se fai a convocatoria e non está a documentación completa, están a falar das ordenanzas fiscais. Todo o mundo sabe cales poden ser as consecuencias da nulidade da aprobación das ordenanzas fiscais. Por iso para evitar ese problema, o comentan, porque de ter unha intención torticeira deixarían pasar a situación e o comentarían pasado o pleno.

Interveño novamente e digo que isto non xera ningún tipo de acto administrativo, simplemente é dar conta e non é susceptible de votación. Non se produce ningún tipo de acto administrativo, nin indefensión. Remato dicindo que teñen a súa disposición todo o expediente, e que tamén me consta que a directora de área o puxo á súa disposición.

De conformidade coa providencia asinada pola concelleira delegada de Facenda, achegada ao expediente dase conta ao pleno da aprobación definitiva da modificación das ordenanzas de ingresos públicos expediente 2013/01.

6. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas, ditadas do 2 ao 30 de decembro 2013 (núms. 7336 ao 8046).

Dase conta, así mesmo, dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno nas seguintes sesións:

- Sesión ordinaria do día 21 de novembro de 2013 (número 92).
- Sesión extraordinaria urxente do día 25 de novembro de 2013 (número 93).
- Sesión ordinaria do día 28 de novembro de 2013 (número 94).
- Sesión extraordinaria urxente do día 2 de decembro de 2013 (número 95).
- Sesión ordinaria do día 5 de decembro de 2013 (número 96).
- Sesión extraordinaria e urxente do día 5 de decembro de 2013 (número 97).
- Sesión extraordinaria urxente do día 5 de decembro de 2013 (número 98).
- Sesión extraordinaria urxente do día 9 de decembro de 2013 (número 99).
- Sesión ordinaria do día 12 de decembro de 2013 (número 100).
- Sesión ordinaria do día 18 de decembro de 2013 (número 101).
- Sesión extraordinaria urxente do día 20 de decembro de 2013 (número 102).
- Sesión extraordinaria urxente do día 23 de decembro de 2013 (número 103).
- Sesión ordinaria do día 26 de decembro de 2013 (número 104).

7. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG.-

ROGOS.-

- 1. Rexistro de entrada do día 24 de xaneiro de 2014, núm. 8, relativa a incluír na axenda municipal o arranxo de vías e beirarrúas do Campus Vida.**
- 2. Rexistro de entrada do día 24 de xaneiro de 2014, núm. 9, para que se restableza o servizo de transporte público no Son.**

PREGUNTAS.-

- 1. Rexistro de entrada do día 30 de decembro de 2013, núm. 63145 (para a súa resposta por escrito), en relación ao anuncio de ordenanzas fiscais.**
- 2. Rexistro de entrada do día 13 de xaneiro de 2014, núm. 2 (para a súa resposta por escrito), relativa á construción dunha rotonda no cruce da rúa Domingo García-Sabell con Galeras.**

ROGOS E PREGUNTAS DO PSdeG-PSOE.-

PREGUNTAS.-

- 1.- Rexistro de entrada do día 26 de decembro de 2013, núm. 252 (para a súa resposta por escrito), relativa ás actividades artísticas temporais en espazos públicos promovidas por particulares.**
- 2. Rexistro de entrada do día 14 de xaneiro de 2014, núm. 3 (para a súa resposta por escrito), en relación as obras de mantemento dos colexios públicos.**

Di o Sr. Alcalde que hai un primeiro rogo do Bloque Nacionalista Galego, para mellorar o estado do Campus vida.

Don Rubén Cela di que o rogo vai referido ao Campus Sur, pero lamentablemente sería perfectamente extrapolable ao conxunto de vías e beirarrúas da nosa cidade.

Di que a chuvia causa desperfectos nos viais, e eses viais necesitan mantemento. A día de hoxe hai moitas partes da nosa cidade, absolutamente intransitables, tanto para peóns como para vehículos.

O problema é de falta de mantemento, e cando se fai ese mantemento non se fai de xeito correcto como foi o caso do Ensanche, onde haberá que repetir todo ese proceso.

O Campus Sur é un ámbito onde hai un especial deterioro, onde algunha das súas rúas como a López Gómez de Marzoa está especialmente dañada e transitada.

Ese tipo de fochancas provoca un problema de seguridade para vehículos e peóns. Piden que o Campus Vida forme parte do hipotético plan de mantemento de viais da nosa cidade.

Pide que se cumpran os compromisos que adquiriron publicamente coa Universidade de Santiago. Di que xa sabe que o Sr. Alcalde entende que isto ven de fai quince ou vinte anos atrás. En calquera caso, di que non levan tres meses a gobernar, senón tres anos. Di que non son feitos puntuais, senón xeralizados.

Dona María Pardo alude a un convenio do 30 de novembro de 2005, de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela, asinado polo grupo de goberno de entón. Di que traen agora ao pleno un asunto respecto do que eles non fixeron nada cando estaban a gobernar, a pesar de ter un convenio que lles obrigaba.

Indica que o Partido Popular segundo chegou ao goberno, investiu na brigada de vías e obras máis de trescentos mil euros en arreglar os viais do campus sur, a pesar de non ser de titularidade municipal. Foi das primeiras actuacións que fixo no mes de outubro-novembro. O ano pasado volveu a facer unha actuación parecida, e hai un proxecto para as pistas deportivas do campus sur. Di que o problema é que as pistas deportivas as explotan a universidade. Ofrecéuselles cederlle a explotación ao concello e abrilas a todos os cidadáns.

O campus é de titularidade da universidade, sen embargo, este goberno investiu este importe e seguirá a investir nel. Matiza que non é problema das chuvias deste inverno, nin das chuvias do inverno pasado, senón problema do abandono dun compromiso que tiñan asinado nun convenio e que foi papel mollado.

Dona Elvira Cienfuegos expón un rogo do grupo municipal do BNG para a restauración do servizo de transporte público á veciñanza do Son.

Di que lamenta presentar este rogo sen a presenza do concelleiro delegado da área, e aproveita para desexarlle unha pronta recuperación. Saúda especialmente á veciñanza do Son que hoxe lles acompaña na sesión, porque espera e necesita unha resposta favorable. Relata que unha sentenza obrigou a facer cambios no transporte ao polígono

do Tambre e arredores. Destaca as negativas consecuencias que tales cambios trouxeron para a veciñanza do Son e arredores.

O caso é que dende o mes de setembro de 2013, reducíronse notablemente as frecuencias do transporte urbano que prestaba servizo ao Son e arredores. Isto xera graves problemas para a veciñanza, que ve dificultada a súa xestión diaria no relativo a acudir aos postos de traballo, compras, os centros médicos, e en xeral, para calquera actividade a realizar no centro urbano.

Ademais cos cambios de traxecto a veciñanza desta zona ten que desprazarse nalgúns casos varios quilómetros para acceder ao transporte colectivo, por vías estreitas e con tramos sen beirarrúas, ou con elas practicamente intransitables en épocas de chuvias; o que supón, ademais, dun prexuízo para estes núcleos, un perigo engadido, sobre todo se se ten en conta que entre os afectados hai persoas maiores, ou con mobilidade reducida.

Trátase por outra parte, dunha zona con gran número de núcleos, e cunha poboación relativamente importante, que segundo a veciñanza tivo servizo de buses dende os anos 70. Agora, ben entrado o século XXI cando vai asentando a concepción do transporte público como alternativa máis ecolóxica, económica e solidaria, o Concello de Santiago no canto de impulsalo para favorecer a vertebración territorial, modifica os traxectos e reduce as frecuencias ata facelas case inútiles. Isto pese a que o PP que ostenta o goberno municipal levaba no seu programa electoral o aumento de frecuencias no rural.

En resumo, por todo o anteriormente exposto, o BNG solicita a restauración do servizo, ou cando menos, un servizo de transporte público que dea solución ás necesidades e demandas da veciñanza do Son e arredores.

Dona María Pardo Valdés expón que a situación que ten agora o Son e a Gracia é consecuencia dunha sentenza, dunha mala actuación do equipo de goberno anterior. Mala actuación, porque estenderon unha liña fora do ámbito competencial territorial que lles correspondía. Unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no ano 2011 obriga a restrinxir a liña 1, a seguir a prestar outro servizo que prestaba a empresa autos Garabanxa.

Este goberno ten que cumprir a lei, ten que cumprir as sentenzas xudiciais. A pesar de iso, estiveron a intentar unha negociación, pero finalmente autos Garabanxa no 2012, esixiu a execución forzosa desta sentenza.

Cámbiase a liña neste mes de xullo, restrínxese a liña 1, e asíñase un convenio con autos Garabanxa para que de un servizo ao Son; cre que son 9 servizos ao día, que non son suficientes, en comparación cos que había anteriormente, pero que dá un servizo, alomenos mínimo, aos veciños.

Saben que non é suficiente, por iso están a traballar en buscar unha solución alternativa, na cal estaba Don Luís Bello a través da liña 8 circunvalando o Polígono do Tambre, pero sen entrar nel, porque a competencia o prohíbe, para dar un novo servizo aos veciños do Son e aos veciños da Gracia.

Este novo proxecto enviouse o 12 de novembro ás empresas: autos Garabanxa e Tralusa, para alegacións, Tralusa non as fixo e Autos Garabanxa fíxoas o día 30 de decembro. Don Luís García Bello, ía ter unha reunión o día 14 de xaneiro, pero non puido ser. O asunto está en fase de resolver as alegación e di que dará coñecemento diso.

No tocante ás preguntas para resposta escrita, o Sr. Alcalde di que terán a súa resposta en tempo.

8. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.-

1. Rexistro de entrada do día 10 de xaneiro de 2014, núm. 1, pola defensa da liberdade e o dereito a decidir das mulleres.

Exposición de motivos

Ante a proposta do actual Goberno de España de reformar a Lei 2/2010 Saúde Sexual e Reprodutiva e Interrupción Voluntaria do Embarazo, en termos claramente restritivos e de eliminación de dereitos, máis de 140 organizacións de mulleres, colectivos en defensa da sanidade e entidades sociais, uníronse baixo o manifesto ?Decidir fainos libres? que aposta claramente polo dereito das mulleres a decidir libremente sobre a interrupción do seu embarazo como parte fundamental dos Dereitos Humanos das Mulleres.

Unha vez máis o Goberno do PP, ante a ineficacia da súa política económica, optou por aplicar a súa política ideolóxica máis conservadora, recortando os dereitos das mulleres. Unha perda de dereitos que suporía un risco para a saúde e a vida das mulleres, omitindo a obriga do Estado de acordo á normativa europea e internacional, de referendar a protección e seguridade xurídica en materia de dereitos sexuais e reprodutivos. O dereito a decidir das mulleres sobre os seus corpos e as súas vidas está enfrontado co prototipo de femineidade que discrimina ás mulleres e que pretende impor o Goberno con esta anunciada reforma.

Con esta moción seguimos as recentes recomendacións que Nacións Unidas realizou a España, con ocasión da revisión do cumprimento do Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais (PIDESC), onde reconece os dereitos ao traballo, educación, seguridade social e o dereito a garantir o máis alto nivel posible de saúde, incluíndo a saúde mental, sexual e reprodutiva, sen discriminación algunha. Así, as Nacións Unidas recomenda ao noso Estado garantir a plena aplicación da Lei Orgánica 2/2010 de 3 de marzo de 2010 en todo o territorio do Estado e a adopción dun procedemento básico común a todas as comunidades para garantir un acceso equitativo á interrupción voluntaria do embarazo; para asegurar que o exercicio da obxección de conciencia por parte de médicos e doutros membros do persoal sanitario, non constitúa un obstáculo para as mulleres que queiran pór fin a un embarazo.

ACORDOS

Por todo iso, o Concello aproba a seguinte moción e dará traslado dela ao Goberno da Nación:

1.- Propor que as medidas que se tomen na regulación por parte dos poderes públicos sobre a xestación, diríxanse a políticas preventivas para evitar embarazos non desexados e a políticas garantistas para a saúde da nai durante o seu embarazo, garantindo o acceso universal á sanidade e dotando aos centros sanitarios públicos de material e persoal suficiente para dar cobertura á asistencia xinecolóxica.

2.- Instar o Goberno de España o mantemento da Lei 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, así como a garantía de que as mulleres poidan exercer o seu dereito á interrupción voluntaria do embarazo.

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-

1. Rexistro de entrada do día 24 de xaneiro de 2014, núm. 10, contra a suba nas tributacións das persoas autónomas e pequenas empresas

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, contra a suba nas tributacións das persoas autónomas e pequenas empresas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación económica para moitas persoas autónomas e titulares de PEMES é crítica. Sobre todo, persisten as dificultades para obter liquidez para a maior parte das empresas galegas (microempresas e pequenas empresas) para poder continuar realizando a súa actividade.

Esta situación vese agravada na actualidade pola política económica emprendida polo Goberno central, sobre todo por unha reestruturación financeira que non asegurou que os inxentes fondos públicos destinados ao apoio do saneamento da banca tivesen como destino final os sectores produtivos, e dun xeito máis concreto polas últimas decisións adoptadas relativas ao incremento dos custos sociais, a través do aumento das cotizacións para autónomos e autónomas.

Así, o Goberno vén de aprobar un considerábel incremento das cotizacións mínimas para as persoas autónomas que contan con 10 ou máis persoas empregadas no último ano así como as persoas traballadoras autónomas incluídas neste réxime especial ao amparo do que establece a disposición adicional vixésimo sétima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que representa unha suba do 22%, case 60 euros ao mes. A consecuencia directa desta medida será afondar no estrangulamento económico ás persoas autónomas e a emprendedoras. Ademais, o efecto indirecto será a destrución de emprego neste tipo de unidades económicas ao forzar a que microempresas destas características contraten menos de 10 persoas.

Por outra banda, tamén se produce un incremento da base mínima para persoas autónomas, que é a cotización maioritaria en Galiza, que provocará un incremento de máis de 60 euros ao ano para as estas.

Estas medidas aplícanse sen ningún tipo de diálogo co sector, como critican as principais asociacións de persoas autónomas galegas e do Estado.

As implicacións desta suba das cotizacións serán a de dificultar a recuperación económica para persoas autónomas e pequenas empresas, mesmo contribuír a unha maior desaparición de pequenas empresas, mentres se limita a súa capacidade de xeración de emprego, principal problema económico en Galiza e no Estado.

Non ten sentido que se incrementen as cargas sobre estas unidades económicas mentres se aumentan as axudas a grandes empresas, ao mesmo tempo que se manteñen sobre elas enormes vantaxes fiscais que impiden ao Estado manter políticas económicas anticíclicas.

Estas mudanzas prodúcense co suposto obxectivo de facer viábel a Seguridade Social, que para o presente ano terá un déficit de máis de 10.000 millóns de euros. Neste contexto, o conxunto de reformas que gravarán con máis cargas ás persoas autónomas terán un impacto de menos de 1.000 millóns, polo que non contribuirá a resolver este problema ao mesmo tempo que provocará nefastas consecuencias para a maioría de empresas do tecido produtivo. Mesmo debemos resaltar que o citado déficit ten unha

causa directa na acusada baixa de cotizacións por mor da redución salarial, impulsada polas políticas do Goberno, sobre todo desde a reforma laboral.

O mecanismo máis eficaz para a sustentabilidade da Seguridade Social pasa por unha reforma fiscal e políticas activas de emprego que reduzan a enorme taxa de paro, por asegurar o mantemento o nivel salarial de todos e todas as traballadoras, e non por incrementar as cotizacións aos segmentos máis vulnerábeis do tecido empresarial nun momento que atravesan serias dificultades económicas.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1. Demandar do Goberno do Estado a un posicionamento contrario a esta suba nas cotizacións para persoas autónomas e pequenas empresas.

2. Demandar do Goberno do Estado aprobar as reformas legislativas necesarias de cara a promover unha reforma fiscal verdadeiramente progresiva, que grave ás grandes fortunas e grandes empresas, persiga a fraude fiscal e non incremente as cargas sobre as persoas autónomas e pequenas empresas.

3. Pór en práctica políticas activas de emprego en Galiza, como mellor mecanismo para garantir a sustentabilidade da Seguridade Social, con especial incidencia nas políticas sobre a mocidade e as mulleres, os segmentos máis vulnerábeis para a obtención de emprego.

2. Rexistro de entrada do día 24 de xaneiro de 2014, núm. 11, para demandar a titularidade pública e disposición universal do patrimonio artístico das antigas caixas de aforro galegas

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, co fin de demandar a titularidade pública e disposición universal do patrimonio artístico das antigas caixas de aforro galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Froito do traballo e do esforzo de miles de galegas e galegos que depositaron os seus aforros nas caixas galegas, estas, cumprindo só unha pequena parte da súa obrigada

función social, foron capaces de acumularen unha colección de obra plástica e de inmóbeis que representan gran parte da nosa creación artístico-cultural desde finais do século XIX até os nosos días.

Este patrimonio mostra o alto nivel que o pobo galego acadou na expresión artística, e conforma a nosa historia e a nosa identidade colectiva. Tamén constitúe un activo económico que as galegas e galegos xa pagaron cunha mínima parte das ganancias producidas polos seus cartos, cando non con eles directamente (accións preferentes ou subordinadas). Para alén disto, este patrimonio ten unha enorme capacidade potencial como instrumento educativo e formativo e mesmo pode xerar ingresos cunha proposta de exhibición e de xestión acaída.

Aínda que a declaración destas obras como Ben de Interese Cultural é unha medida positiva, non é suficiente para evitar a súa venda, a privatización, a disgregación ou a saída de Galiza. Así, a privatización das caixas galegas pode provocar o espolio e a deslocalización deste ben propiedade de todo o pobo galego. A Xunta de Galiza ten a obriga legal e moral de velar pola integridade, pola conservación, pola posta en valor e polo rendemento económico deste patrimonio e de evitar por todos os medios o espolio desta riqueza agora en mans de Novagalicia Banco, mais aínda cando dita entidade acaba de ser alleada a unha entidade privada que ten o seu centro de decisión fóra do país .

A sociedade galega debe ser consciente deste feito e do risco que corre o patrimonio cultural e artístico galego depositado naquela entidade financeira, e achegar o seu esforzo para defender a súa lexítima propiedade e o seu dereito a gozar desta obra artística, demandando da Xunta de Galiza que tome con urxencia todas as medidas para garantir que o patrimonio cultural e artístico existente en Novagalicia Banco sexa de titularidade pública.

Instar á Xunta de Galiza a

- 1. Que sexa de titularidade pública a totalidade do patrimonio artístico das antigas caixas de aforro.**
- 2. Manter a sede deste patrimonio en Galiza.**
- 3. Garantir a súa visitabilidade e acceso público.**
- 3. Rexistro de entrada do día 24 de xaneiro de 2014, núm. 12, para declarar este concello vila libre de circos con animais**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, co fin de declarar o noso Concello libre de circos con animais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cuestión do respecto cara aos animais levou a cidadanía a demandar novas accións en diferentes eidos normativos. O uso de animais en espectáculos é, quizais, un dos aspectos máis surrealistas que teñen lugar no noso país, nomeadamente os circos, que ofrecen unha imaxe radicalmente distorsionada do que supón a fauna silvestre.

A vida destes animais nos circos caracterízase polo illamento, o castigo, o medo e o cativerio. As exhibicións de animais nos circos ofrecen tamén unha mensaxe educativa negativa. Aínda que os espectáculos circenses non amosen condutas de violencia explícita á vista do público espectador, os actos que os animais teñen que realizar durante toda a súa vida non son habituais nin naturais e, para obrígalos a se comportaren deste xeito, sométenos a métodos de adestramento baseados no castigo físico, a privación de alimento e ao illamento do resto dos seus conxéneres.

Os animais que viven nos circos están obrigados a permaneceren o resto da súa vida privados de liberdade, atados, engaiolados ou encadeados en camións de traslado, negando calquera posibilidade de satisfacción das súas necesidades etolóxicas e naturais. A natureza transitoria dos circos e a vida constante de confinamento, privación de estimulación e frustración da fauna, conduce os animais a estados neuróticos e comportamentos repetitivos “estereotipados”, como balancear a cabeza ou corpo, movementos circulares dentro das gaiolas e até automutilacións.

Estes trastornos psicolóxicos chegan a provocar reaccións violentas que poden causar graves riscos para as persoas en caso de accidente, un extremo que sucedeu en numerosas ocasións ao longo dos últimos anos.

Un importante número de países e vilas de todo o mundo xa vetaron o uso de animais nos circos con base na súa protección e benestar, ao considerar que a súa exhibición e as condicións de vida supoñen unha crueldade, ao mesmo tempo que incrementan o tráfico ilegal de animais e a caza furtiva de especies protexidas.

Os circos usan os animais como reclamo do público infantil. Xulgamos que os pequenos e as pequenas deste país, a sociedade do futuro, merecen unha educación baseada en valores que inclúan o respecto cara aos seres vivos e o contorno.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Que este concello non autorice nin promova ou ampare a instalación de circos con animais no termo municipal.**
- 2. Declarar este concello vila libre de circos con animais.**
- 3. Que este concello non permita a instalación de publicidade de espectáculos circenses con animais no termo municipal.**
- 4. Notificar este acordo á Xunta de Galiza, aos grupos do Parlamento de Galiza e á Asociación Animalista Libera.**
- 4. Rexistro de entrada do día 24 de xaneiro de 2014, núm. 13, para a creación dun bonobús para persoas desempregadas de longa duración.**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa da súa concelleira Elvira Cienfuegos e ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, relativa á creación dun novo bono para o servizo de autobús urbano destinado a persoas desempregadas de longa duración.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas que residen en Santiago de Compostela sen ningún ingreso económico non dispoñen de bonificación no autobús urbano, o que lles dificulta o acceso a un servizo básico municipal como é o transporte público colectivo.

Existe unha demanda crecente dun bono dirixido a persoas desempregadas de longa duración que lles permita utilizar este servizo de transporte público de xeito gratuíto, como unha medida que mesmo pode contribuír a estimular a busca activa dun posto de traballo e a desenvolver a súa vida persoal con maior facilidade.

Esta medida pode contribuír a favorecer o uso do transporte público como un medio que goza de vantaxes sociais, económicas e ambientais, ademais de ser un elemento vertebrador do territorio que mellora a mobilidade e a seguridade viaria da nosa cidade.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago creará un novo bono para facer gratuíto o servizo de autobús urbano para as persoas censadas na cidade que sexan desempregadas de longa duración, para aquelas con ingresos inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional e para quen carezan de fonte de ingresos.

Di o Sr. Alcalde que están a favor da toma en consideración da urxencia en relación á moción relativa á titularidade pública do patrimonio artístico das antigas Caixas.

A continuación sométese a toma en consideración do pleno a urxencia da moción presentada polo PSdeG-PSOE, en relación ao dereito a decidir das mulleres.

Dona Mar Martín di que é a segunda vez que traen unha moción relativa ao posicionamento desta corporación en relación á modificación da lei do aborto. Insisten en traela, porque cren como representantes da cidadanía, que teñen o deber de debater aquí aqueles asuntos que se están a debater moi intensamente na rúa.

Un debate que por outra parte non existía ata o de agora, que era o debate do aborto. Que sacou o Partido Popular, en concreto un dos sectores máis conservadores do PP encabezado polo señor Gallardón.

Consideran innecesaria a modificación da lei de saúde sexual e reproductiva e da interrupción voluntaria do embarazo vixente, xa que, ningún cambio é conveniente cando unha norma é acorde á realidade social e sanitaria do país.

Cren que é importante que todas as forzas se unan, ou todas as voces se unan, para botar abaixo unha lei que discrimina ás mulleres, que as elimina, ou as pón nun tipo de situación que altera a súa privacidade, intimidade e garantías sanitarias.

Insisten en traer estas mocións, porque cren que hai que definirse, defender a autonomía da muller, e loitar contra todas aquelas normas que coartan a súa liberdade e a súa capacidade de decisión.

Sometida a votación a toma en consideración da urxencia da referida moción, ésta queda rexeitada por 12 votos en contra, correspondentes aos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular e 12 votos a favor, correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, e aos do BNG, ao non acadar a maioría absoluta esixida.

Don Rubén Cela en relación á moción referida á suba na tributación de autónomos e pequenas empresas relata que se hai un sector especialmente castigado neste contexto de

crise económica son as pequenas e medianas empresas, e sobre todo, o sector dos autónomos, nun contexto moi difícil agravado dende o seu punto de vista, polas políticas económicas que o Partido Popular ten impulsado tanto dende o goberno do Estado, como dende a Xunta de Galiza.

Di que a redución de acceso a créditos, sobre todo no que ten que ver co proceso de privatización das caixas de aforro, e todas as medidas que teñen conducido á redución do consumo por parte das familias, entre outras cousas, coas baixadas salariais, coa perda de poder adquisitivo dos pensionistas, coa suba de impostos indirectos como IVE, a factura da luz, as peaxes, etc., empobreceron ao conxunto da poboación.

Agora o Partido Popular ven de aprobar un aumento de nada máis e nada menos que dun 22% das cotizacións daqueles autónomos que teñan ao seu cargo a dez ou máis traballadores. Fai fincapé en que dez ou máis traballadores, non son grandes empresas, pois moitísimos restaurantes, moitísimas pequenas empresas de Santiago, teñen máis dese número de traballadores. Iso vai supor, que eses autónomos teñan que pagar ao final de ano, máis de 700 euros do que viñan pagando, polo que se contribúe a seguir estrangulando esas economías e facendo algo que pode ser aínda máis perverso, que quen ten once traballadores, teña un incentivo para deixar de ter a un, e o que teña nove traballadores teña un desincentivo para contratar algún a maiores.

Tamén se teñen aumentado as cotizacións base, en concreto, entorno aos sesenta euros ao ano. Todo iso, sen diálogo co sector, ao mesmo tempo que aumentan as axudas ás grandes empresas, e tendo en conta, que só en Santiago, segundo datos da federación galega de autónomos, en decembro de 2013 había 7.106 autónomos, e en Galiza un 215 mil.

Eles o que piden con esta moción é que o Concello de Santiago inste ao Estado á retirada desta reforma. E sobre todo, que o Concello inste ao Estado, á Xunta, a aplicar outro tipo de políticas activas de emprego. Di que de ter aceptado a trámite as alegacións que facía o Bloque Nacionalista Galego á ordenanza fiscal, hoxe poderían estar falando neste pleno, dunha bonificación do 50% no IAE a mulleres e a xente moza que empeza cos seus negocios. Hoxe poderían estar falando doutro tipo de cuestións que serían especialmente importantes nesta cidade. Por exemplo, o remate das rendas antigas, que afectará tamén, a moitísimos deses autónomos.

Sometida a votación a toma en consideración da urxencia da anterior moción ésta queda rexeitada por 12 votos a favor correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG, e 12 votos en contra, correspondentes aos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, ao non acadar a maioría absoluta esixida.

Dona Elvira Cienfuegos expón a seguinte moción referida a que os circos non teñan animais. Di que a Lei de protección de animais domésticos e salvaxes en cautividade publicada en 1993 xustificouse e así quedou recollido no seu preámbulo, pola necesidade de normativizar os principios xerais de respecto, protección e defensa dos seres vivos de acordo aos convenios e tratados internacionais da normativa dos países socialmente máis avanzados.

Dende entón, tense avanzado moito máis en sensibilidade social a respecto dos animais. Moitas das demandas dos colectivos de protección e defensa dos animais, considerados pola Lei Galega como entidades de utilidade pública e benéfico-docente foron incorporadas ás normativas, como tiñan sido en países do noso contorno, e nomeadamente da Unión Europea.

A propia Lei do 93 xa establecía no artigo 5 a prohibición de utilización de animais en espectáculos, pelexas, etc., ou facelos obxecto de tratamento antinatural. Vinte anos despois da vixencia desta lei e despois de que países como Canadá, Suecia ou Dinamarca teñan prohibidos os circos con animais, traen ao pleno, para o seu debate, unha moción no mesmo sentido, no marco dunha campaña desenvolvida por asociacións ecoloxistas e de defensa dos animais. Dita moción aprobouse en moitos concellos de Galiza e de fóra dela, e no BNG estima que Santiago capital do país, non debe quedar allea, nin retrasada a respecto dunha prohibición que se estende sen pausa, e que seguro non tardará en convertese en lei.

De feito, hoxe son case tantos os circos que non utilizan animais como que os que os usan, e dentro dos que non os usan, están algúns tan coñecidos e prestixiados, como o circo do Sol. O certo é que os animais dos circos están sometidos a condicións de illamento, de castigo, de medo, de cautividade en condicións antinaturais. Animais usados, como reclamo do público infantil, que merece unha educación baseada en valores que inclúan o respecto aos seres vivos e ao seu contorno. Por todo o exposto, demandan deste pleno, a toma en consideración da urxencia desta moción.

Sometida a votación a urxencia da presente moción queda rexeitada por 12 votos a favor correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG, e doce votos en contra correspondentes aos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, ao non acadar o quórum esixido.

Dona Elvira Cienfuegos xustifica a urxencia da moción do bonobús para desempregados de longa duración no debate suscitado polo propio grupo de goberno hai escasas semanas. Non queren que a proposta pase ao esquecemento.

Di que se xa fai uns anos era de interese dispor dun bonobús para persoas con graves dificultades económicas, máis o é agora, cando as alarmantes cifras de paro súmase o

elevado número de fogares de Santiago con todos os membros activos en situación de desemprego e sen ingresos.

Neste contexto, un bono dirixido a persoas desempregadas de longa duración que lles permita utilizar o servizo de transporte público de xeito gratuíto, configúrase como unha medida que mesmo pode contribuir a estimular a búsqueda activa dun posto de traballo e a desenvolver a vida persoal con maior facilidade.

Sería unha medida, por outra parte, de escasa incidencia para as arcas municipais, tendo en conta, que na situación actual a contribución das persoas desempregadas de longa duración ao sostemento do transporte público non a de ser importante, e a bonificación, para o billete aumentaría o número de persoas usuarias, pero non as liñas, nin as súas frecuencias.

Solicitan, xa que logo, o apoio para debater esta moción, coa esperanza de que o goberno reconsidere a súa postura actual e recupere a posición inicial que beneficiaría ás persoas empadroadas na cidade que peor o están a pasar neste momento. Por outra parte é unha opción que o PP está a apoiar noutros concellos, como o de Vigo e que aquí posiblemente tería menos dificultades administrativas para implantarse, dado que a poboación total do concello é substancialmente menor.

En resumo, propoñen a toma en consideración dunha moción para a creación dun novo bono para facer gratuíto o servizo de autobús urbano para as persoas desempregadas de longa duración; para as que teñan ingresos inferiores ao salario mínimo interprofesional, ou para as que carezan de fontes de ingresos.

Queda rexeitada tras a votación, a toma en consideración da urxencia desta moción, por 12 votos a favor correspondentes aos membros grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG, e 12 votos en contra, correspondentes aos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, ao non acadar o quórum esixido.

Di o Sr. Alcalde que a seguir entran no debate do contido da moción do BNG para demandar a titularidade pública e disposición universal do patrimonio das antigas caixas de aforro.

Di Don Rafael Vilar que a pretensión desta moción é instar a esta Corporación, a que inste á preservación do patrimonio artístico e documental hoxe contido en Novagalicia Banco, e a ser posible, que a preservación deses fondos sexa íntegra, como colección, e que eses fondos queden baixo a tutela pública, mantendo a súa sede en Galicia, e ao mesmo tempo garantindo a súa visibilidade e acceso público a este patrimonio que é de todos e todas, do conxunto da sociedade galega.

Hoxe, hai un risco real de que este patrimonio artístico documental se perda. Son fondos artísticos de moita importancia tanto cuantitativa como cualitativa, un auténtico tesouro patrimonial. Esta aí seguramente contida a gran pinacoteca galega, con obras fundamentalmente do século XIX e XX son os fondos provenientes tanto da Fundación Claudio San Martín, da antiga caixa Galicia, e da colección Caixa Nova. Falan de máis de sete mil obras, pinturas, escultura e outras artes plásticas, e máis de douscentos autores, moitos deles galegos, da talla de Castelao, Seoane, Díaz Pardo, Granell, Maruxa Mallo, Laxeiro, Quesada, Virxilo, tamén Colmeiro, e doutros máis contemporáneos, como Leiro, Patiño, Menchu Lamas, Lamazares, Quintana Martelo. Incluso tamén, hai obras de autores de relevancia mundial, porque hai Picassos, Dalís, Miró, Tapiés, Barcelo, Chillida, etc. Despois hai tamén un importantísimo fondo bibliográfico-documental con máis de tres mil douscentos documentos do século XIV. Hai documentación histórica, da Xunta Superior do Reino de Galiza, hai textos e autógrafos de diversos autores, hai incunables do século XV, hai primeiras edicións dos séculos XVI e XVII, etc.

Estes fondos artísticos e documentais foron posibles, precisamente, grazas ao aforro dos galegos e galegas, froito do traballo de varias xeracións que permitiron finalmente que existisen estes fondos, e tamén foi posible mercede á función social que tiñan as antigas caixas, que eran entidades financeiras, pero que ían máis aló, coa obra social, obra cultural.

Está a falar dun patrimonio artístico que está en perigo, e en risco de ser deslocalizado, de ser vendido, porque forma parte dos activos de Novagalicia Banco.

Coñeceuse fai poucas datas, que vai ser mercado por unha entidade bancaria venezolana, Banesco. Polo que é incerto o futuro, e tamén o destino final destes fondos.

Deronse algúns pasos por parte da Xunta de Galicia, instados ademais por parte do Bloque Nacionalista Galego no Parlamento Galego. Hai unha declaración por aí como BIC destes fondos, de bens de interese cultural, pero eles entenderon que esa declaración deses fondos como BIC é insuficiente, porque non garante a titularidade, nin a tutela pública, porque non están exentos de poder ser vendidos.

Coa presente moción eles queren que o pleno inste á Xunta de Galicia a:

Garantir a titularidade pública destes fondos.

En segundo lugar, que a permanencia destes fondos de maneira íntegra quede no noso país, quede en Galicia.

En terceiro lugar, que sexa para uso e disfrute dos galegos e galegas, e por suposto, dos visitantes.

Dona Mercedes Rosón di que o grupo municipal socialista vai apoiar esta moción presentada polo BNG. Expón que lles agrada que o BNG retome a iniciativa que o seu grupo presentou en marzo de 2013, a través dunha proposición presentada polo voceiro, don Francisco Reyes.

Adhírense a esta proposta, xa que a colección e o patrimonio artístico das antigas caixas foi adquirido a través das súas obras sociais, por medio dos investimentos sociais que as caixas tiñan a obriga de facer no país, e son lexítimamente propiedade da sociedade na que se tiña que facer ese investimento.

Non pode ser que aquilo que constituía unha obriga de investimento no país, se espalle, se disperse, se desperdigue agora, porque a declaración de BIC é boa cousa, pero non impide ese espallamento, nin que acabe en mans privadas, que teñan a capacidade de facer con ela o que queiran. Por iso apoian sen fisuras, sen reservas esta moción do BNG, e cren que esta proposta, podería ser completada se Compostela propuxese que a Cidade da Cultura fora a receptora deste importantísimo patrimonio.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e precisa que a Xunta de Galicia está xa a tratar de garantir a máxima protección posible, para as dúas coleccións, tanto a que era de Caixa Galicia, como de Caixanova, que ten valiosísimo patrimonio artístico e bibliográfico. Especialmente en materia pictórica de Caixanova, pero tamén a de Caixa Galicia. Nese sentido di que hai tres resolucións do 23 de setembro de 2013, tres expedientes en paralelo para proceder á declaración de bens de interese cultural. Engade que a declaración de ben de interese cultural de acordo coa Lei de patrimonio de Galicia, ofrece a máxima protección.

A primeira resolución é do 23 de setembro, en relación coa colección cultural de Novagalicia Banco. A segunda do mesmo día, a declaración de ben de interese cultural da colección de Novacaixa Galicia. E a terceira a declaración de ben de interese cultural do fondo bibliográfico e documental de Novagalicia banco.

Polo tanto, son tres resolucións, que están amparadas coa máxima protección posible, e non só cunha protección inmediata, a Lei 8/1995 de patrimonio cultural de Galicia. Engade que a declaración vai como colección, polo que a integridade está garantida e non se poden desmembrar estas tres coleccións.

En definitiva, a Xunta de Galicia está a colaborar coas entidades propietarias e ademais a contribuir que non só teñan a máxima protección, senón a máxima difusión, e

utilizando ademais, todos os instrumentos posibles ao seu alcance que é preservar a integridade.

Refírese a que cando se presenta unha moción cómpre informarse un pouco do que se leva feito. Sinala que a Xunta de Galicia asinou o pasado mes de decembro un convenio de colaboración con Novagalicia banco, para que esta entidade lle ceda o fondo bibliográfico durante un período de 5 anos prorrogable, en réxime de comodato, para o seu depósito na cidade da cultura de Galicia. Dito convenio permitirá non só darlle unha maior protección, senon tamén unha maior accesibilidade, e un maior notoriedade a este patrimonio. Isto non o mencionou o representante do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

Estas actuacións poñen de manifesto que se está a facer unha política rigurosa coas dúas coleccións das antigas Caixanova e Caixa Galicia. Isto dende o minuto un, foi tema prioritario para o Partido Popular de Galicia. Tráballouse arreo na procura de solucións, para ofrecerlle a máxima protección.

Don Rafael Vilar agradece o apoio a esta moción por parte do grupo municipal socialista. Neste sentido refírese a outra moción de similares características con respecto ao conxunto da obra social da Caixa promovida por este grupo que eles no seu día apoiaron.

A declaración destes fondos como ben de interese cultural, está reflectida nos DOG's do 30 de setembro, do 1 de outubro e 2 de outubro deste ano pasado, 2013.

Espera que o Sr. Alcalde non descoñeza que esta entidade bancaria saída das antigas caixas ven de ser vendida a unha entidade privada doutro país, en concreto a Banesco, que é unha entidade privada venezolana.

Pregúntalle neste sentido se pode afirmar que coa declaración de BIC estes fondos artísticos e documentais provenientes das antigas caixas non van saír de Galicia; se a colección vai quedar íntegra baixo a tutela e titularidade pública, e se chega con que sexan declarados BIC para mantelos no país.

O Sr. Alcalde dille ao Sr. Vilar que está a mezclar dous temas diferentes. A situación de Novagalicia banco era unha situación enormemente complexa e a diferenza do que ocorreu con outras entidades financeiras similares no resto do país, a solución da Novagalicia banco, foi a mellor de todas, e non só a mellor de todas, senón a que garante maior viabilidade ás entidades financeiras, antiga Caixa Galicia e Caixa Nova.

Por outra parte, di que cando se fala dunha entidade estranxeira cómpre referirse tamén a que aí hai unha entidade galega como é o banco Etcheverría, polo que dende logo, a galeguidade está garantida.

Refírese a seguir ao artigo 10.3 da Lei 8/1995, do Patrimonio Cultural de Galicia, e pídelle ao Sr. Vilar que se informe, xa que un ben declarado de interese cultural non se pode vender.

Di que a colección da antiga caixa Galicia e da antiga Caixanova, Novagalicia banco queda coa máxima protección, non vai poder ser vendida en ningún momento e permanecerá e se difundirá en Galicia. Isto non só o garante él, senón tamén o di a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia.

Sometido a votación o contido da moción relativa ás coleccións de Novacaixa Galicia, éste queda rexeitado por 12 votos a favor, correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG, e 13 votos en contra correspondentes aos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, ao facer uso o Sr. Alcalde do voto de calidade, que lle permiten os artigos 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e 100.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro.

Levántase a sesión ás 18 horas e 50 minutos. Dou fe.